



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 23 de xuño de 2022 (1240/1102)

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a José Caride Estévez
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte tres de xuño de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(495).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbanse as actas das sesións extraordinaria e urxente do 14 de xuño e ordinaria e extraordinaria e urxente do 16 de xuño de 2022. Deberán incorporarse ao libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(496).- PROPOSTAS DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO OITAVO PROGRAMA PARA ARROMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA. EXPTE.10661/307.

Visto o informe de fiscalización de data 17/06/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 16/06/2022, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do oitavo programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (10.661-307)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do oitavo programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (10.661-307)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 28 de abril de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria DAS OBRAS DO VIII PROGRAMA PARA ARROMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA, segundo proxecto redactado pola arquitecta técnica Xiana Alonso Población.

2º.- Aprobar o Prego de Prescricións Administrativas Particulares que rexerá o contrato asinado pola técnica de Administración Xeral e a xefa do Servizo de Contratación con data 23 de marzo de 2022.

3º.- Autorizar o gasto total de DOUSCENTOS TRINTA E CINCO MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E SETE EUROS CON VINTE E CATRO CÉNTIMOS (235.257,24 EUROS), sendo o importe correspondente ao IVE de CORENTA MIL OITOCENTOS VINTE E NOVE EUROS CON SETENTA E SETE CÉNTIMOS (40.829,77 €) como orzamento base de licitación, con cargo á aplicación 3340.2279901 PROGRAMA DE ARTE URBANO, MEDIANERAS do exercicio orzamentario vixente.

4º.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 9 de xuño de 2022 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do



Concello de Vigo

oitavo programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (10.661-307) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	98,03
2	LAPATIÁN, S.L.	83,60

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., o día 10 de xuño de 2022, que presenta a documentación requirida o 15 de xuño, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 16 de xuño de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 6 e 9 de xuño de 2022, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678) o procedemento aberto para a contratación das obras do oitavo programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (10.661-307) por un prezo total de 211.731,51 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 36.746,79 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(497).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA ROMIL FASE I”. EXPTE. 976/441.

Visto o informe de fiscalización de data 14/06/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 14/06/2022, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Humanización da rúa Romil fase I” (976-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011



Concello de Vigo

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Romil fase I" (976-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 14 de outubro de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA ROMIL FASE I" redactado polos Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos Santiago Javier Pérez Vázquez e Ignacio Teijeiro Calvo, cun orzamento base de licitación máis IVE de 1.229.999,99 €.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 24/08/2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de UN MILLÓN DOUSCENTOS VINTE E NOVE MIL NOVECENTOS NOVENA E NOVE EUROS con NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.229.999,99 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 213.471,07 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do concello de vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.93 (HUM. RÚA ROMIL), segundo a distribución de anualidades proposta.

2021	1.229.999,99 €
TOTAL	1.229.999,99 €

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 3 de xuño de 2022 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento a ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados sen que se tivese presentado xustificación ningunha en prazo.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Romil fase I" (976-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	97,29

	Licitador	Puntuación total
2	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	96,34
3	ORECO, S.A.U.	94,38
4	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	92,58
5	OBRAS, PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L.	88,72
6	NAROM, S.L.	87,77
7	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	76,74
8	TERRAQUA SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	72,56
9	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	67,83

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (A-36.008.886), para que presente, no prazo de dez días hábiles , a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., o día 3 de xuño de 2022, que presenta a documentación requirida o 10 de xuño, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 13 de xuño de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



Concello de Vigo

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 5 e 26 de maio de 2022, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión adoptada pola concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 3 de xuño de 2022, de ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados sen que se tivese presentado xustificación ningunha en prazo.*
2. *Adxudicar a CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (A-36.008.886) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Humanización da rúa Romil fase I” (976-441) por un prezo total de 1.039.226,99 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 180.361,71 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(498).- MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 5266/241.

Dáse conta do informe-proposta do 20/06/2022, asinado pola xefa do Servizo de contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRXSP)
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público (RLCSP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 15 de xuño de 2019, constituíuse a nova corporación local, tras as eleccións municipais celebradas o 26 de maio do mesmo ano.

Segundo.- En data 17 de xuño de 2019 constituíse a Xunta de Goberno Local, órgano de contratación do Concello, ao abeiro do disposto no apartado 3 da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Terceiro.- En data 4 de xullo de 2019 a XGL aprobou a composición da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Vigo.

Cuarto.- En data 13 de xaneiro de 2022 a XGL aprobou a modificación da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Vigo. Na actualidade, por mor de cambios organizativos que afectan aos membros da Mesa, resulta preciso modificar a súa composición.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- I -

DA OBRIGATORIEDADE DA CONSTITUCIÓN DUN ÓRGANO DE ASISTENCIA Ó ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

O órgano de contratación deberá ser asistido por unha Mesa de contratación nos procedementos abertos, aberto simplificado, restrinxidos, de diálogo competitivo, de licitación con negociación e de asociación para a innovación (artigo 326.1 LCSP), que será o órgano competente para o exercicio das seguintes funcións:

- a) A cualificación da documentación que acredite o cumprimento dos requisitos previstos nos artigos 140 e 141 da LCSP e, no seu caso, acordar a exclusión de candidatos ou licitadores que non acrediten este cumprimento, previo trámite de emenda
- b) A avaliación das proposicións dos licitadores.



Concello de Vigo

- c) Se procede, a proposta relativa á cualificación dunha oferta como anormalmente baixa, tras a tramitación do procedemento a que se refire o artigo 149 da LCSP.
- d) A proposta ao órgano de contratación da adxudicación do contrato a favor do licitador que presentase a mellor oferta, de acordo co previsto no artigo 145 da LCSP, segundo proceda de conformidade co previsto no prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a licitación.
- e) No procedemento restrinxido, no diálogo competitivo, na licitación con negociación e na asociación para a innovación, a selección de candidatos cando así delegue o órgano de contratación, facéndoo constar no prego de cláusulas administrativas particulares.

-II-

COMPOSICIÓN DA MESA

A Mesa estará constituída por un Presidente, os vogais que se determinen regulamentariamente, e un Secretario (artigo 326.2 LCSP). O Secretario deberá ser designado entre funcionarios ou, no seu defecto, outro tipo de persoal dependente do órgano de contratación, e entre os vogais deberán figurar necesariamente un funcionario dos que teñan atribuído legal ou regulamentariamente o asesoramento xurídico do órgano de contratación e un interventor, ou, a falta de estes, unha persoa ao servizo do órgano de contratación que teña atribuídas as funcións correspondentes ao seu asesoramento xurídico, e outra que teña atribuídas as relativas ao seu control económico-orzamentario (artigo 326.5 LCSP).

No caso das corporacións locais, a disposición adicional 2ª.7 da LCSP establece unha composición mínima e obrigatoria das mesas de contratación das Entidades Locais. En cumprimento desta disposición, é preciso proceder ao nomeamento dos membros que formarán parte da Mesa permanente do Concello de Vigo.

Consonte ao citado artigo “A Mesa de contratación estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vocais, o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuídas a función de control económico-presupostario, así como aquel outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Os membros electos que, no seu caso, formen parte da Mesa de contratación non poderán supoñer máis dun terzo do total de membros da mesma. Actuará como Secretario un funcionario da Corporación”.

A lei veda que o persoal eventual forme parte da Mesa e so permite que se integren na súa composición funcionarios interinos cando non existan funcionarios de carreira suficientemente cualificados e así se acredite no expediente (DA 7ª LCSP). No presente caso procederase ao nomeamento de funcionarios de carreira exclusivamente.

A competencia para o nomeamento dos membros da Mesa de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local (artigo 326.4 LCSP).

-III-

DO CARÁCTER PERMANENTE DA MESA DE CONTRATACIÓN

A LCSP permite que se constitúan Mesas de Contratación Permanentes para as corporacións locais (DA 7ª LCSP), polo que parece adecuado, para darlle estabilidade ao órgano de apoio en materia de contratación deste Concello, proceder á constitución dunha mesa permanente. Ilo sen prexuízo de que se poidan nomear Mesas específicas para determinados expedientes, cando así o considere oportuno o órgano de Contratación, e xustifique as circunstancias que o motivan no correspondente expediente.

-IV-

PUBLICIDADE

A lei esixe que a composición da Mesa de Contratación se publique no perfil de contratante do órgano de contratación (artigo 326.3 e DA 7ª LCSP). Este está aloxado na Plataforma de contratación do sector público (artigo 63 LCSP).

Para dar maior publicidade á composición da Mesa publicarase ademais no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

-V-

COMPETENCIA

A competencia para acordar a composición da mesa de contratación permanente e as súas normas de funcionamento correspóndelle á Xunta de Goberno Local (artigo 326.4 e apartado 4º da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación

En mérito ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local, como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“Primeiro.- Modificar a composición da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Vigo.

A Mesa de Contratación quedará formada polos seguintes membros:

1. Presidenta: Dª Patricia Rodríguez Calviño, concelleira delegada de Contratación

- Suplentes: D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, D. Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez, Dª. Elena Espinosa Mangana, Dª. Nuria Rodríguez Rodríguez, Dª Iolanda Aguiar Castro e D. Abel Fermin Losada Álvarez.*



Concello de Vigo

2. Representante do grupo municipal do Partido Popular: D. José Alfonso González Marnotes

- Suplentes: D. Jesús Marco González e D^a. Patricia López Román

3. Representante do grupo municipal mixto: D. Rubén Pérez Correa

- Suplentes: D^a. Oriana Méndez Fuentes

4. Titular da Asesoría Xurídica. D^a. Margarita Parajó Calvo

Suplentes:

- D^a. Susana García Álvarez, técnica de Administración Xeral, letrada xefa de Asesoramento
- D. Pablo Olmos Pita, técnico de Administración Xeral, letrado especialista na orde social, civil, contenciosa e mercantil
- D. Xesús Costas Abreu, técnico de Administración Xeral, xefe da Área Xudicial

- D^a. María Isabel Fernández Gabriel, letrada asesora xurídica.
- D^a. Elena Ares Salgado, letrada asesora xurídica.

5. Interventor xeral: D. Alberto Escariz Couso

Suplentes:

- D^a Olga Gómez Corbal, interventora xeral adxunta
- D^a. Dolores Hernández Vidal, xefa do Servizo de Fiscalización
- D^a. Catalina Alfayate Rodríguez, técnica de Fiscalización e Control Financeiro
- D. Javier Muradás Blanco, técnico medio dos Servizos Económicos da Intervención Xeral

6. Vogal: D^a. Beatriz Barbará Rodríguez, xefa do Servizo de Contratación

Suplentes:

- D^a. Carmen Pintado Garcia, técnica de Administración xeral, xefa do Servizo de Transportes
- D. Lucio Varela Borreguero, técnico de Administración xeral

7. Vogal: D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio dos Servizos Económicos de Dirección de Ingresos

Suplentes:

- *D^a. Dolores Hernández Vidal, xefa do Servizo de Fiscalización*
- *D^a. Catalina Alfayate Rodríguez, técnica de Fiscalización e Control Financeiro*
- *D. Javier Muradás Blanco, técnico medio dos Servizos Económicos da Intervención Xeral*

8. O/a xefe/a do servizo ou área xestora, ou o técnico que designe.

9. Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, técnica de Administración xeral

Suplentes:

- *D^a. Beatriz Barbará Rodríguez, xefa do Servizo de Contratación*
- *D^a. María Dolores Sotelo Gallego, técnica de Administración xeral*
- *D^a. Carmen Pintado Garcia, técnica de Administración xeral, xefa do Servizo de Transportes*
- *D. Lucio Varela Borreguero, técnico de Administración xeral*

Segundo.- Publicar este acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo e no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Comunicar este acordo aos membros da Mesa de Contratación para os efectos oportunos”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(499).- REVISIÓN DAS TARIFAS EN RELACIÓN CO CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVIZO PÚBLICO PARA A CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DE DÚAS PISCINAS CUBERTAS NAS PARCELAS DO PERI 4 BARREIRO II E NA PRAZA CENTRAL DO POLÍGONO I DO PERI II-12 A FLORIDA B. EXPTE. 21637/333.

Visto o informe xurídico do 14/06/2022 e o informe de fiscalización do 20/06/2022, dáse conta do informe-proposta de data 31/05/2022, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



Concello de Vigo

1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión ordinaria do 18 de decembro de 2006, acorda a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas para a contratación da xestión do servizo público con execución de obra de dúas piscinas cubertas na parcela da praza central do polígono 1 do peri II-12-A Florida B e na parcela do peri 4 Barreiro II.

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria de 23 de maio de 2007 e modificado pola sesión do 12 de xuño de 2007, acordou adxudicar a construción e explotación de dúas piscinas cubertas nas parcelas do PERI 4 Barreiro II e na praza central do polígono I do PERI II-12 A Florida B, coa determinación de xestión do servizo público (expte 6078/333), a favor da sociedade concesionaria a constituír por GAIA GD, SL e MOVEXVIAL, SL., formalizándose o contrato coa sociedade concesionaria Carrera Galicia, S.L., en escritura pública de data 15 de xuño de 2007. Posteriormente a Xunta de Goberno Local de 17 de marzo de , deuse por enterada da transformación da sociedade Carrera Galicia S.L., na sociedade anónima con denominación AQA Vigo Xestión Deportiva, S.A.

A posta en funcionamento do servizo ten como referencia inicial a apertura da Piscina da Florida o pasado 1 de novembro de 2010 e posteriormente, o 1 de febreiro de 2011 entrou en funcionamento a piscina de Barreiro.

En relación ás tarifas e funcionamento das piscinas a XGL aprobou en data 29/10/2010 as normas e adecuación do cadro de tarifas para o funcionamento dos servizos a prestar nas piscinas de Barreiro e A Florida.

Con data 17/03/2012, a Xunta de Goberno Local, aproba a revisión de tarifas para o período novembro 2010/novembro 2011, segundo o IPC interanual (expte 11073-333).

Con posterioridade, en data 7/09/2012, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo (expte 11221-333):

“Primeiro: Establecer a efectos perceptivos do devengo das tarifas aplicables o “contrato de xestión de servizos públicos para construción e explotación de dúas piscinas cubertas nas parcelas do Peri 4 Barreiro II e na praza central do polígono I do Peri II-12 a Florida B”, para o calculo do IPC, a data teórica establecida a partir da posta en servizo da instalación mais recente “Barreiro; 1 de febreiro de 2011”, cunha antelación de 15 meses, como período derivado dos argumentos fundamentados como atrasos imputables o propio Concello de Vigo, fixando o momento final na data do indicador publicado de IPC para abril.-2012.

Segundo: Determinar o incremento complementario das tarifas pola utilización das instalacións obxecto da concesión de referencia en relación o IPC, nun porcentaxe equivalente ao 3.60 % coincidente coa evolución do IPC, no período novembro 2009 e abril 2012, e a dedución do IPC do período novembro 2010 novembro 2011 aprobado con anterioridade.

Terceiro: As tarifas esixibles aos usuarios, en virtude do establecido no parágrafo precedente, axustaranse por redondeo ao alza ou á baixa ao mais cercano múltiplo da fracción 5/100.

Cuarto: Toda vez que a revisión de tarifas recolle a totalidade do período dende o inicio da explotación e os atrasos acumulados, as futuras revisións das tarifas se realizarán anualmente, tendo en conta a referencia da presente revisión aprobada de acordo o período novembro 2009 - abril 2012."

En data 01/08/2014, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo (expte 13214-333):

Primeiro.- Arquivar o expediente 12403-333 relativo á revisión de tarifas para o período abril 2012-abril 2013, xa que non se tramitou no seu día por orde do concelleiro-delegado de Deportes e a dita revisión xa se inclúe no expediente actual.

Segundo.- Autorizar a revisión das tarifas pola entrada e uso así como polas actividades complementarias que se presten nas piscinas cubertas situadas nas parcelas do PERI 4 Barreiro II e na praza central do Polígono I do PERI II-12 A Florida B, de acordo coa clausula nº 8.2 do prego de prescricións administrativas e segundo o IPC interanual abril 2012/abril 2014, fixada no 1.80 %.

Terceiro.- As tarifas esixibles aos usuarios, en virtude do establecido no parágrafo precedente, axustaranse por redondeo ao alza ou á baixa ao máis cercano múltiplo da fracción 5/100.

Cuarto.- Aprobar a nova táboa de tarifas para os servizos que se prestan nas piscinas de Florida e Barreiro, segundo o estipulado no anexo I que figura no expediente.

A Xunta de Goberno Local extraordinaria e urxente celebrada o 31 de agosto de 2017, aprobou a revisión das tarifas pola entrada e uso así como polas actividades complementarias que se presten nas piscinas cubertas situadas nas parcelas do PERI 4 Barreiro II e na praza central do Polígono I do PERI II-12 A Florida B, de acordo coa clausula no 8.2 do prego de prescricións administrativas e segundo o IPC interanual abril 2014/abril 2017 (expte 16326-333).

Con posterioridade, a Xunta de Goberno Local ordinaria celebrada o 21 de setembro de 2017 aprobou a revisión das tarifas polo uso das pistas de pádel do complexo de Barreiro derivado do incremento do IPC anual no período outubro 2014-abril 2017 (expte 16327-333).

A Xunta de Goberno Local extraordinaria e urxente celebrada o 24 de agosto de 2018, aprobou a revisión das tarifas pola entrada e uso así como polas actividades complementarias que se presten nas piscinas cubertas situadas nas parcelas do PERI 4 Barreiro II e na praza central do Polígono I do PERI II-12 A Florida B, de acordo coa clausula no 8.2 do prego de prescricións administrativas e segundo o IPC interanual abril 2017/abril 2018 (expte 17566-333).

Con data 30 de agosto de 2019, a Xunta de Goberno Local aprobou, en sesión ordinaria, autorizar a revisión das tarifas pola entrada e uso, polas actividades complementarias que se presten nas piscinas cubertas así como polo uso e actividades complementarias que se presten nas pistas de padel situadas nas parcelas do PERI 4 Barreiro II e na praza central



Concello de Vigo

do Polígono I do PERI II-12 A Florida B, de acordo coa clausula nº 8.2 do prego de prescricións administrativas e segundo o IPC interanual abril 2018/abril 2019, fixada no 1,50 % (expte 18843-333).

Finalmente, con data 20 de agosto de 2021, a Xunta de Goberno Local ordinaria aprobou o incremento ordinario de Tarifas (IPC) pola entrada e uso, polas actividades complementarias que se presten nas piscinas cubertas así como polo uso e actividades complementarias que se presten nas pistas de padel situadas nas parcelas do PERI 4 Barreiro II e na praza central do Polígono I do PERI II-12 A Florida B, de acordo coa clausula nº 8.2 do prego de prescricións administrativas e segundo o IPC interanual abril 2019/abril 2021, fixada no 1,50 % (Expte. 20688-333).

En relación co anterior, a empresa AQUA VIGO GESTIÓN DEPORTIVA, S.A.U, presenta escrito vía Rexistro Xeral (nº de entrada 220109063 de data 19/05/22), de solicitude de incremento ordinario de tarifas no período comprendido entre abril de 2021 e abril de 2022.

Todo, tendo en conta que o prego de condicións administrativas establece no seu artigo 8.2 a revisión de tarifas. En relación a este aspecto, enténdese que a revisión das tarifas debe realizarse sobre a data solicitada polo concesionario, co obxecto de non proceder a provocar un prexuízo ao mesmo.

En relación co período de aplicación das novas tarifas, así como o seu período de aplicación, indicar que o mesmo queda definido directamente no apartado 8.1 do prego de condicións administrativas particulares no cal especifica o proceso de revisión ordinaria de tarifas *“verificaranse anualmente, en función das variacións que experimente o índice de prezos ao consumo do conxunto nacional ou índice que o substitúa, tomando como inicial o correspondente ao da data en que entre en funcionamento as instalacións deportivas, aínda que sexa parcialmente e como final o último aprobado, aínda que sexa provisional.”* En base a este apartado o período de aplicación quedará determinado dende a súa aprobación ata a finalización do período anual de revisión, o cal quedará supeditado a unha nova aprobación da revisión.

2.- Proposta de revisión do IPC:

Vista a solicitude presentada con data 19/05/2022 pola empresa AQUA-VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, S.A.U e tendo en conta que o período de revisión establécese entre abril 2021 e abril 2022, o IPC segundo o certificado do INE é de 8,3%, polo cal en base á solicitude establécese o seguinte cadro coa revisión do IPC redondeando os importes. Así, o novo cadro de tarifas (anexo I) contempla unha revisión cunha media de 8,3.

Tabla de revision ordinaria de tarifas.- Actualizacion IPC periodo (abril 2021 a abril 2022)						
Concepto	Tarifa actual	Tarifa actual sin IVE	Tarifa + IPC a abril 2021 s/ive 8,3%	IVE 21 %	Nova tarifa con iva	Tarifa final redondeada
Abonado Joven	25,55 €	21,12 €	22,87 €	4,80 €	27,67 €	27,65 €

Tabla de revision ordinaria de tarifas.- Actualizacion IPC periodo (abril 2021 a abril 2022)						
Concepto	Tarifa actual	Tarifa actual sin IVE	Tarifa + IPC a abril 2021 s/ive 8,3%	IVE 21 %	Nova tarifa con iva	Tarifa final redondeada
Abonado > 60 años	23,00 €	19,01 €	20,59 €	4,32 €	24,91 €	24,90 €
Abonado Matinal	19,15 €	15,83 €	17,14 €	3,60 €	20,74 €	20,75 €
Abonado Individual	38,30 €	31,65 €	34,28 €	7,20 €	41,48 €	41,50 €
Abonado Familiar Titular	38,30 €	31,65 €	34,28 €	7,20 €	41,48 €	41,50 €
Abonado Familiar Conyuge/Hijos < 14 años *	6,35 €	5,25 €	5,68 €	1,19 €	6,87 €	6,85 €
Abonado Discapacitado	19,15 €	15,83 €	17,14 €	3,60 €	20,74 €	20,75 €
Abono Padel	24,05 €	19,88 €	21,53 €	4,52 €	26,05 €	26,05 €
Curso piscina Adulto/Niño 1 D/S Abonado	25,55 €	21,12 €	22,87 €	4,80 €	27,67 €	27,65 €
Curso piscina Adulto/Niño 1 D/S NO Abonado	51,05 €	42,19 €	45,69 €	9,59 €	55,28 €	55,30 €
Curso piscina Adulto/Niño Abonado	51,05 €	42,19 €	45,69 €	9,59 €	55,28 €	55,30 €
Curso piscina Adulto/Niño NO Abonado	102,05 €	84,34 €	91,34 €	19,18 €	110,52 €	110,50 €
Curso piscina Adulto/Niño 3 D/S Abonado	71,50 €	59,09 €	64,00 €	13,44 €	77,44 €	77,45 €
Curso piscina Adulto/Niño 3 D/S NO Abonado	142,95 €	118,14 €	127,95 €	26,87 €	154,82 €	154,80 €
Curso piscina AF.Auga > 60 años 2 D/S Abonado	31,90 €	26,36 €	28,55 €	6,00 €	34,55 €	34,55 €
Curso piscina AF.Auga > 60 años 2 D/S NO Abonado	63,85 €	52,77 €	57,15 €	12,00 €	69,15 €	69,15 €
Curso piscina Embarazauga (pre-post parto) 1 D/S Abonado	20,10 €	16,61 €	17,99 €	3,78 €	21,77 €	21,75 €
Curso piscina Embarazauga (pre-post parto) 1 D/S NO Abonado	40,20 €	33,22 €	35,98 €	7,56 €	43,54 €	43,55 €
Curso piscina Embarazauga (pre-post parto) 2 D/S Abonado	40,20 €	33,22 €	35,98 €	7,56 €	43,54 €	43,55 €
Curso piscina Embarazauga (pre-post parto) 2 D/S NO Abonado	80,40 €	66,45 €	71,96 €	15,11 €	87,07 €	87,05 €
Natacion Escolar (cuatrimestral ANPAS)	44,65 €	36,90 €	39,96 €	8,39 €	48,35 €	48,35 €
Cursos Sala Especializados 1 D/S Abonados	25,55 €	21,12 €	22,87 €	4,80 €	27,67 €	27,65 €
Cursos Sala Especializados 1 D/S NO Abonados	51,05 €	42,19 €	45,69 €	9,59 €	55,28 €	55,30 €
Cursos Sala Especializados 2 D/S Abonados	51,05 €	42,19 €	45,69 €	9,59 €	55,28 €	55,30 €
Cursos Sala Especializados 2 D/S NO Abonados	102,05 €	84,34 €	91,34 €	19,18 €	110,52 €	110,50 €
Entrada libre piscina Adultos	3,85 €	3,18 €	3,45 €	0,72 €	4,17 €	4,15 €
Entrada libre piscina Menores	2,60 €	2,15 €	2,33 €	0,49 €	2,82 €	2,80 €
Entrada libre sala fitness Adultos	3,85 €	3,18 €	3,45 €	0,72 €	4,17 €	4,15 €
Entrada libre sala fitness Menores	2,60 €	2,15 €	2,33 €	0,49 €	2,82 €	2,80 €
Entrada libre completa incluido SPA	12,80 €	10,58 €	11,46 €	2,41 €	13,87 €	13,85 €
Adiestramientos especificos personalizados mensual	19,15 €	15,83 €	17,14 €	3,60 €	20,74 €	20,75 €
Personal Training 1 sesion	19,15 €	15,83 €	17,14 €	3,60 €	20,74 €	20,75 €
Personal Training 5 sesiones	83,00 €	68,60 €	74,29 €	15,60 €	89,89 €	89,90 €
Personal Training 10 sesiones	153,10 €	126,53 €	137,03 €	28,78 €	165,81 €	165,80 €
Alquiler toalla pequeña por acceso	0,85 €	0,70 €	0,76 €	0,16 €	0,92 €	0,90 €
Alquiler toalla grande por acceso	0,95 €	0,79 €	0,85 €	0,18 €	1,03 €	1,05 €
Bono mensual toalla pequeña (1 por acceso)	7,65 €	6,32 €	6,85 €	1,44 €	8,29 €	8,30 €
Bono mensual toalla grande (1 por acceso)	12,80 €	10,58 €	11,46 €	2,41 €	13,87 €	13,85 €
Alquiler mensual de taquillas	12,80 €	10,58 €	11,46 €	2,41 €	13,87 €	13,85 €
Alquiler 1 calle piscina 1 h	23,00 €	19,01 €	20,59 €	4,32 €	24,91 €	24,90 €



Concello de Vigo

Tabla de revision ordinaria de tarifas.- Actualizacion IPC periodo (abril 2021 a abril 2022)						
Concepto	Tarifa actual	Tarifa actual sin IVE	Tarifa + IPC a abril 2021 s/ive 8,3%	IVE 21 %	Nova tarifa con iva	Tarifa final redondeada
Alquiler 1 sala de actividades 1 h	23,00 €	19,01 €	20,59 €	4,32 €	24,91 €	24,90 €
Fianza carnet usuario (abonados y cursillistas)	3,85 €	3,18 €	3,45 €	0,72 €	4,17 €	4,15 €
Carnet / pulsera	3,85 €	3,18 €	3,45 €	0,72 €	4,17 €	4,15 €
Perdida del carnet usuario (a partir 2º carnet)	3,85 €	3,18 €	3,45 €	0,72 €	4,17 €	4,15 €
Perdida llave taquilla	3,85 €	3,18 €	3,45 €	0,72 €	4,17 €	4,15 €
Devolución bancaria	1,20 €	0,99 €	1,07 €	0,22 €	1,29 €	1,30 €
Tarifa Plus Spa	19,15 €	15,83 €	17,14 €	3,60 €	20,74 €	20,75 €

* Incrementos redondeados al alza o a la baja en múltiplos de 0,05.

Tabla de actividades complementarias padel.- Actualizacion IPC periodo (abril 2021 a abril 2022)								
			con iva (21 %)	Tarifa actual s/IVE	Tarifa + IPC a abril 2021 s/ive 8,3%	IVE 21%	Nova tarifa con iva	Tarifa final redondeada
1 hora	Pistas descubiertas	07:00/17:00	10,95 €	9,05 €	9,80 €	2,06 €	11,86 €	11,85 €
		17:00/23:00	13,40 €	11,07 €	11,99 €	2,52 €	14,51 €	14,50 €
	Pistas Cubiertas	07:00/17:00	12,25 €	10,12 €	10,96 €	2,30 €	13,26 €	13,25 €
		17:00/23:00	14,55 €	12,02 €	13,02 €	2,73 €	15,75 €	15,75 €
1/2 hora	Pistas descubiertas		6,10 €	5,04 €	5,46 €	1,15 €	6,61 €	6,60 €
		Pistas cubiertas	7,30 €	6,03 €	6,53 €	1,37 €	7,90 €	7,90 €
suplemento luz (ind. Tempo)			2,45 €	2,02 €	2,19 €	0,46 €	2,65 €	2,65 €
Bono 10 (1 h) S/Luz			116,85 €	96,57 €	104,59 €	21,96 €	126,55 €	126,55 €
Bono 20 (1 h) S/Luz			227,65 €	188,14 €	203,76 €	42,79 €	246,55 €	246,55 €
Bono 30 (1 h) S/Luz			332,35 €	274,67 €	297,47 €	62,47 €	359,94 €	359,95 €
Clases de Padel								
Curso mensual 1 d/s (mx 5 alum)	Abonados		48,60 €	40,17 €	43,50 €	9,14 €	52,64 €	52,65 €
	Non abonados		73,00 €	60,33 €	65,34 €	13,72 €	79,06 €	79,05 €
Curso mensual 2 d/s (mx 5 alum)	abonados		91,35 €	75,50 €	81,76 €	17,17 €	98,93 €	98,95 €
	Non abonados		133,85 €	110,62 €	119,80 €	25,16 €	144,96 €	144,95 €
Bono 5 clases individuais			206,95 €	171,03 €	185,23 €	38,90 €	224,13 €	224,15 €
Bono 5 clases colectivas (2/4 pers)			511,30 €	422,56 €	457,63 €	96,10 €	553,73 €	553,75 €
Aluguer Raqueta (partido)			1,85 €	1,53 €	1,66 €	0,35 €	2,01 €	2,00 €

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Autorizar a revisión das tarifas pola entrada e uso, polas actividades complementarias que se presten nas piscinas cubertas así como polo uso e actividades complementarias que se presten nas pistas de padel situadas nas parcelas do PERI 4 Barreiro II e na praza central do Polígono I do PERI II-12 A Florida B, de acordo coa cláusula nº 8.2 do prego de prescricións administrativas e segundo o IPC interanual abril 2021/abril 2022, fixada no 8,3 %.

As tarifas esixibles aos usuarios, en virtude do establecido no parágrafo precedente, axustáranse por redondeo á alza ou á baixa ao máis cercano múltiplo da fracción 5/100.

Aprobar a nova táboa de tarifas para os servizos que se prestan nas piscinas de Florida e Barreiro así como as actividades complementarias que se presten nas pistas de padel, segundo o estipulado no anexo I.

ANEXO I

Tabla de revision ordinaria de tarifas.- Actualizacion IPC periodo (abril 2021 a abril 2022)						
Concepto	Tarifa actual	Tarifa actual sin IVE	Tarifa + IPC a abril 2021 s/ive 8,3%	IVE 21 %	Nova tarifa con iva	Tarifa final redondeada
Abonado Joven	25,55 €	21,12 €	22,87 €	4,80 €	27,67 €	27,65 €
Abonado > 60 años	23,00 €	19,01 €	20,59 €	4,32 €	24,91 €	24,90 €
Abonado Matinal	19,15 €	15,83 €	17,14 €	3,60 €	20,74 €	20,75 €
Abonado Individual	38,30 €	31,65 €	34,28 €	7,20 €	41,48 €	41,50 €
Abonado Familiar Titular	38,30 €	31,65 €	34,28 €	7,20 €	41,48 €	41,50 €
Abonado Familiar Conyuge/Hijos < 14 años *	6,35 €	5,25 €	5,68 €	1,19 €	6,87 €	6,85 €
Abonado Discapacitado	19,15 €	15,83 €	17,14 €	3,60 €	20,74 €	20,75 €
Abono Padel	24,05 €	19,88 €	21,53 €	4,52 €	26,05 €	26,05 €
Curso piscina Adulto/Niño 1 D/S Abonado	25,55 €	21,12 €	22,87 €	4,80 €	27,67 €	27,65 €
Curso piscina Adulto/Niño 1 D/S NO Abonado	51,05 €	42,19 €	45,69 €	9,59 €	55,28 €	55,30 €
Curso piscina Adulto/Niño Abonado	51,05 €	42,19 €	45,69 €	9,59 €	55,28 €	55,30 €
Curso piscina Adulto/Niño NO Abonado	102,05 €	84,34 €	91,34 €	19,18 €	110,52 €	110,50 €
Curso piscina Adulto/Niño 3 D/S Abonado	71,50 €	59,09 €	64,00 €	13,44 €	77,44 €	77,45 €
Curso piscina Adulto/Niño 3 D/S NO Abonado	142,95 €	118,14 €	127,95 €	26,87 €	154,82 €	154,80 €
Curso piscina AF.Auga > 60 años 2 D/S Abonado	31,90 €	26,36 €	28,55 €	6,00 €	34,55 €	34,55 €
Curso piscina AF.Auga > 60 años 2 D/S NO Abonado	63,85 €	52,77 €	57,15 €	12,00 €	69,15 €	69,15 €
Curso piscina Embarazauga (pre-post parto) 1 D/S Abonado	20,10 €	16,61 €	17,99 €	3,78 €	21,77 €	21,75 €
Curso piscina Embarazauga (pre-post parto) 1 D/S NO Abonado	40,20 €	33,22 €	35,98 €	7,56 €	43,54 €	43,55 €
Curso piscina Embarazauga (pre-post parto) 2 D/S Abonado	40,20 €	33,22 €	35,98 €	7,56 €	43,54 €	43,55 €
Curso piscina Embarazauga (pre-post parto) 2 D/S NO Abonado	80,40 €	66,45 €	71,96 €	15,11 €	87,07 €	87,05 €
Natacion Escolar (cuatrimestral ANPAS)	44,65 €	36,90 €	39,96 €	8,39 €	48,35 €	48,35 €
Cursos Sala Especializados 1 D/S Abonados	25,55 €	21,12 €	22,87 €	4,80 €	27,67 €	27,65 €
Cursos Sala Especializados 1 D/S NO Abonados	51,05 €	42,19 €	45,69 €	9,59 €	55,28 €	55,30 €
Cursos Sala Especializados 2 D/S Abonados	51,05 €	42,19 €	45,69 €	9,59 €	55,28 €	55,30 €
Cursos Sala Especializados 2 D/S NO Abonados	102,05 €	84,34 €	91,34 €	19,18 €	110,52 €	110,50 €
Entrada libre piscina Adultos	3,85 €	3,18 €	3,45 €	0,72 €	4,17 €	4,15 €
Entrada libre piscina Menores	2,60 €	2,15 €	2,33 €	0,49 €	2,82 €	2,80 €
Entrada libre sala fitness Adultos	3,85 €	3,18 €	3,45 €	0,72 €	4,17 €	4,15 €
Entrada libre sala fitness Menores	2,60 €	2,15 €	2,33 €	0,49 €	2,82 €	2,80 €
Entrada libre completa incluido SPA	12,80 €	10,58 €	11,46 €	2,41 €	13,87 €	13,85 €



Concello de Vigo

Tabla de revision ordinaria de tarifas.- Actualizacion IPC periodo (abril 2021 a abril 2022)						
Concepto	Tarifa actual	Tarifa actual sin IVE	Tarifa + IPC a abril 2021 s/ive 8,3%	IVE 21 %	Nova tarifa con iva	Tarifa final redondeada
Adiestramientos especificos personalizados mensual	19,15 €	15,83 €	17,14 €	3,60 €	20,74 €	20,75 €
Personal Training 1 sesion	19,15 €	15,83 €	17,14 €	3,60 €	20,74 €	20,75 €
Personal Training 5 sesiones	83,00 €	68,60 €	74,29 €	15,60 €	89,89 €	89,90 €
Personal Training 10 sesiones	153,10 €	126,53 €	137,03 €	28,78 €	165,81 €	165,80 €
Alquiler toalla pequena por acceso	0,85 €	0,70 €	0,76 €	0,16 €	0,92 €	0,90 €
Alquiler toalla grande por acceso	0,95 €	0,79 €	0,85 €	0,18 €	1,03 €	1,05 €
Bono mensual toalla pequena (1 por acceso)	7,65 €	6,32 €	6,85 €	1,44 €	8,29 €	8,30 €
Bono mensual toalla grande (1 por acceso)	12,80 €	10,58 €	11,46 €	2,41 €	13,87 €	13,85 €
Alquiler mensual de taquillas	12,80 €	10,58 €	11,46 €	2,41 €	13,87 €	13,85 €
Alquiler 1 calle piscina 1 h	23,00 €	19,01 €	20,59 €	4,32 €	24,91 €	24,90 €
Alquiler 1 sala de actividades 1 h	23,00 €	19,01 €	20,59 €	4,32 €	24,91 €	24,90 €
Fianza carnet usuario (abonados y cursillistas)	3,85 €	3,18 €	3,45 €	0,72 €	4,17 €	4,15 €
Carnet / pulsera	3,85 €	3,18 €	3,45 €	0,72 €	4,17 €	4,15 €
Perdida del carnet usuario (a partir 2º carnet)	3,85 €	3,18 €	3,45 €	0,72 €	4,17 €	4,15 €
Perdida llave taquilla	3,85 €	3,18 €	3,45 €	0,72 €	4,17 €	4,15 €
Devolución bancaria	1,20 €	0,99 €	1,07 €	0,22 €	1,29 €	1,30 €
Tarifa Plus Spa	19,15 €	15,83 €	17,14 €	3,60 €	20,74 €	20,75 €

* Incrementos redondeados al alza o a la baja en múltiplos de 0,05.

Tabla de actividades complementarias padel.- Actualizacion IPC periodo (abril 2021 a abril 2022)								
			con iva (21 %)	Tarifa actual s/IVE	Tarifa + IPC a abril 2021 s/ive 8,3%	IVE 21%	Nova tarifa con iva	Tarifa final redondeada
1 hora	Pistas descubiertas	07:00/17:00	10,95 €	9,05 €	9,80 €	2,06 €	11,86 €	11,85 €
		17:00/23:00	13,40 €	11,07 €	11,99 €	2,52 €	14,51 €	14,50 €
	Pistas Cubiertas	07:00/17:00	12,25 €	10,12 €	10,96 €	2,30 €	13,26 €	13,25 €
		17:00/23:00	14,55 €	12,02 €	13,02 €	2,73 €	15,75 €	15,75 €
1/2 hora	Pistas descubiertas		6,10 €	5,04 €	5,46 €	1,15 €	6,61 €	6,60 €
		Pistas cubiertas	7,30 €	6,03 €	6,53 €	1,37 €	7,90 €	7,90 €
suplemento luz (ind. Tempo)			2,45 €	2,02 €	2,19 €	0,46 €	2,65 €	2,65 €
Bono 10 (1 h) S/Luz			116,85 €	96,57 €	104,59 €	21,96 €	126,55 €	126,55 €
Bono 20 (1 h) S/Luz			227,65 €	188,14 €	203,76 €	42,79 €	246,55 €	246,55 €
Bono 30 (1 h) S/Luz			332,35 €	274,67 €	297,47 €	62,47 €	359,94 €	359,95 €
Clases de Padel								
Curso mensual 1 d/s (mx 5 alum)	Abonados		48,60 €	40,17 €	43,50 €	9,14 €	52,64 €	52,65 €
		Non abonados	73,00 €	60,33 €	65,34 €	13,72 €	79,06 €	79,05 €
Curso mensual 2 d/s (mx 5 alum)	abonados		91,35 €	75,50 €	81,76 €	17,17 €	98,93 €	98,95 €
		Non abonados	133,85 €	110,62 €	119,80 €	25,16 €	144,96 €	144,95 €
Bono 5 clases individuais			206,95 €	171,03 €	185,23 €	38,90 €	224,13 €	224,15 €
Bono 5 clases colectivas (2/4 pers)			511,30 €	422,56 €	457,63 €	96,10 €	553,73 €	553,75 €
Alquiler Raqueta (partido)			1,85 €	1,53 €	1,66 €	0,35 €	2,01 €	2,00 €

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(500).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE ORZAMENTOS E FACENDA QUE APROBA O PADRÓN FISCAL DA TAXA DE RECOLLIDA DO LIXO DE VIVENDAS DO EXERCICIO 2022. EXPTE. 76993/513.

Dase conta da Resolución do concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, de data 13/06/2022, que di o seguinte:

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Resolucións de Delegación de Alcaldía de datas 18 e 26 de xuño de 2019 así como o artigo 63.2 da Ordenanza Fiscal Xeral).

De conformidade co Informe Proposta da Dirección de Ingresos, de data 13 de xuño de 2022

RESOLVO:

- 1. Aprobar o Padrón fiscal da taxa da recollida do lixo de vivendas do exercicio 2022**, por un importe total de **12.204.472,50.- Euros, (DOCE MILLÓNS, DOUSCENTOS CATRO MIL, CATROCENTOS SETENTA E DOUS, CON CINCUENTA CÉNTIMOS)**, que consta de **145.081** inscricións, segundo a relación nominal de suxeitos pasivos que comeza pola inscrición nº 128.839 que figura a nome de D^a MARÍA CARMEN FERNÁNDEZ ABALDE polo obxecto tributario de CM A LATIÑA Nº 12, e remata coa inscrición nº 17.348 que figura a nome de D. JOSÉ MANUEL COLLAZO PIAY polo obxecto tributario de ZARAGOZA 62 6º F.
- 2. Dar conta a XUNTA DE GOBERNO LOCAL** do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 . da Ordenanza fiscal xeral.
- 3. Proceder á exposición pública** durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pagamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

7(501).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE ACTUALIZACIÓN E MANTEMENTO CATASTRAL, INTEGRACIÓN COA PLATAFORMA MUNICIPAL VCI+ E ACTUALIZACIÓN DE BASES DE DATOS TRIBUTARIAS". EXPTE. 2907/500.

Visto o informe xurídico do 10/06/2022 e o informe de fiscalización do 14/06/2022, dáse conta do informe-proposta do 27/05/2022, asinado pola xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión de 30 de marzo de 2017, na súa calidade de órgano de contratación, acordou:

- I. *"Adxudicar a LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS, S.L. o lote B (zona Oeste, segundo a delimitación establecida no plano do Anexo 1 do PPT) do procedemento aberto para a contratación dos servizos de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributarias (2288-500) coas seguintes condicións:*
 - a) *Propón unha baixa proporcional única do 14,90% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no apartado 3F das FEC do PCAP.*
 - b) *Propón un incremento no número de medicións anuais de locais comerciais respecto do mínimo anual de 400 que figura no apartado 11.3 d cláusula 1 do PPT de 200.*
 - c) *Propón a incorporación á base de datos GIS de croquis FXCC, dispoñibles no Concello e anteriores a esta contratación, no primeiro ano do contrato, sen custo para o Concello de 5000 croquis FXCC.*
 - d) *Propón un incremento de 50 puntos porcentuais respecto da porcentaxe de expedientes postos a disposición da Xerencia Territorial do Catastro nun prazo inferior de 6 meses prevista no apartado 7 de cláusula 3 do PPT.*
 - e) *Comprométese a facilitar ao Servizo de Xestión Tributaria e, no seu caso, a outros servizos municipais, durante o período contractual e as eventuais prórrogas, as valoracións detalladas de solo e construción para cada ben inmovible segundo as necesidades dos mesmos.*
 - f) *Propón a asignación de referencia catastral (20 díxitos) en locais incluídos no padrón da taxa de lixo comercial e vaos, nos dous primeiros anos do contrato, sen custo para o Concello a 500 locais.*
 - g) *Propón un incremento na frecuencia na modificación de datos censuais prevista na cláusula 1.13 PPT: 60 días de redución sobre os 180 días sinalados na cláusula citada.*

- II. *"Adxudicar a SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U. o lote A (Zona Este, segundo a delimitación establecida no plano do Anexo 1 do PPT) do procedemento aberto para a contratación dos servizos de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributarias (2288-500) coas seguintes condicións:*
 - a) *Propón unha baixa proporcional única do 15,00% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no apartado 3F das FEC do PCAP.*

- b) *Propón un incremento no número de medicións anuais de locais comerciais respecto do mínimo anual de 400 que figura no apartado 11.3 d cláusula 1 do PPT de 200.*
- c) *Propón a incorporación á base de datos GIS de croquis FXCC, dispoñibles no Concello e anteriores a esta contratación, no primeiro ano do contrato, sen custo para o Concello de 5000 croquis FXCC.*
- d) *Propón un incremento de 50 puntos porcentuais respecto da porcentaxe de expedientes postos a disposición da Xerencia Territorial do Catastro nun prazo inferior de 6 meses prevista no apartado 7 de cláusula 3 do PPT.*
- e) *Comprométese a facilitar ao Servizo de Xestión Tributaria e, no seu caso, a outros servizos municipais, durante o período contractual e as eventuais prórrogas, as valoracións detalladas de solo e construción para cada ben inmovible segundo as necesidades dos mesmos.*
- f) *Propón a asignación de referencia catastral (20 díxitos) en locais incluídos no padrón da taxa de lixo comercial e vaos, nos dous primeiros anos do contrato, sen custo para o Concello a 500 locais.*
- g) *Propón un incremento na frecuencia na modificación de datos censuais prevista na cláusula 1.13 PPT: 60 días de redución sobre os 180 días sinalados na cláusula citada.*

Segundo.- En data 24/05/2017 subscribíronse os contratos con cada unha das mercantís adxudicatarias, prevéndose na cláusula 4 dos citados contratos o inicio da prestación a partir do 1 de xullo do 2017 (contratos anexados como trámites 258 e 259 do expediente 2288/500),

Terceiro.- No prego de cláusulas administrativas particulares fíxase unha duración do contrato de 3 anos e establécese a posibilidade de prorrogar o mesmo por un máximo de tres anos, en prórrogas anuais.

Cuarto.- Por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 11 de xuño de 2020, relativo ao expediente 2684/500 acordouse:

1º.- Autorizar a prórroga para o período comprendido entre o 1 de xullo de 2020 e o 1 de xullo de 2021 do contrato de “servizos de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributarias” (Lote A- zona Este) adxudicado á empresa SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL. S.L. (B96067400) por acordo da Xunta de Goberno Local do 30 de marzo de 2017.

2º.- Autorizar a prórroga para o período comprendido entre o 1 de xullo de 2020 e o 1 de xullo de 2021 do contrato de “servizos de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributarias” (Lote B- zona Oeste) adxudicado á empresa LAYA GESTION Y SERVICIOS S.L. (B33473489) por acordo da Xunta de Goberno Local do 30 de marzo de 2017.

Quinto.- Por Acordo da Xunta de Goberno Local do 10/06/2021 (expediente 2799/500) acordouse:

1º.- Autorizar a prórroga para o período comprendido entre o 1 de xullo de 2021 e o 1 de xullo de 2022 do contrato de “servizos de actualización e mantemento catastral, integración



Concello de Vigo

coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributarias" (Lote A- zona Este) adxudicado á empresa SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL. S.L. (B96067400) por acordo da Xunta de Goberno Local do 30 de marzo de 2017.

2º.- Autorizar a prórroga para o período comprendido entre o 1 de xullo de 2021 e o 1 de xullo de 2022 do contrato de "servizos de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributarias" (Lote B- zona Oeste) adxudicado á empresa LAYA GESTION Y SERVICIOS S.L. (B33473489) por acordo da Xunta de Goberno Local do 30 de marzo de 2017.

Sexto.- A través de escrito presentado o 23/05/2022 (núm. documento 220112409), D. Pascual Seguí Bañuls, actuando en representación de SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL. S.L. (B96067400), manifesta a vontade e interese da empresa adxudicataria do Lote A (Zona Este) de acollerse a unha prórroga do contrato por unha anualidade

Igualmente, mediante escrito presentado en data 23/05/2022 (núm. documento 220112190), don Carlos de San Ildefonso Pereira, actuando en representación de LAYA GESTION Y SERVICIOS S.L. (B33473489), manifesta a vontade e interese da empresa adxudicataria do Lote B (Zona Oeste) de acollerse a unha prórroga do contrato por unha anualidade.

Septimo.- A prestación dos servizos de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributarias por parte das empresas adxudicatarias (LAYA GESTION Y SERVICIOS S.L. (B33473489) e SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL. S.L. (B96067400) estase a realizar a plena satisfacción desta Dirección de Ingresos, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos pregos de cláusulas administrativas e técnicas, así como na súa oferta, como consta nos informes anuais de seguimento do contrato asinados pola responsable do mesmo de datas 07/08/2018 (informe sobre primeira anualidade), 30/08/2019 (informe sobre segunda anualidade) e 14/07/20 (informe sobre terceira anualidade), elaborados en cumprimento do disposto na cláusula 1.3 do PCAP, que constan no expediente 2288/500.

Polo tanto, esta Dirección de Ingresos entende que resulta necesaria e acorde cos intereses municipais a continuidade do servizo, mediante a materialización da terceira prórroga dun ano, contemplada no correspondente PCAP.

Á vista das anteriores consideracións, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Asesoría Xurídica Municipal e da Intervención Xeral, a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- Autorizar a prórroga para o período comprendido entre o 1 de xullo de 2022 e o 1 de xullo de 2023 do contrato de "servizos de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributarias" (Lote A- zona Este) adxudicado á empresa SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL. S.L. (B96067400) por acordo da Xunta de Goberno Local do 30 de marzo de 2017.

2º.- Autorizar a prórroga para o período comprendido entre o 1 de xullo de 2022 e o 1 de xullo de 2023 do contrato de "servizos de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributarias" (Lote B- zona

Oeste) adxudicado á empresa LAYA GESTION Y SERVICIOS S.L. (B33473489) por acordo da Xunta de Goberno Local do 30 de marzo de 2017.

3º.- Autorizar e comprometer os seguintes importes das correspondentes prórrogas:

A favor de SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL. S.L. (B96067400), adxudicataria do Lote A (Zona Este):

- Con cargo ao orzamento do 2022 (partida 9320.227.99.02 (Traballos de colaboración coa XTC): **120.000,00€**

- Con cargo ao orzamento do 2023 (partida 9320.227.99.02 (Traballos de colaboración coa XTC): **120.000,00€**

A favor de LAYA GESTION Y SERVICIOS S.L. (B33473489), adxudicataria do Lote B (Zona Oeste):

- Con cargo ao orzamento do 2022 (partida 9320.227.99.02 (Traballos de colaboración coa XTC): **120.000,00€**

- Con cargo ao orzamento do 2023 (partida 9320.227.99.02 (Traballos de colaboración coa XTC): **120.000,00€**

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(502).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE EDUCACIÓN QUE APROBA AS LISTAS DEFINITIVAS DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E LISTAS DE AGARDA NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS PARA O CURSO 2022-2023. EXPTE. 25827/332.

Dáse conta da Resolución do concelleiro-delegado de Educación, de data 14/06/2022, que di o seguinte:

Vista a proposta contida no informe do técnico superior do Servizo de Educación de data 13 de xuño de 2022, sobre reclamacións e lista definitivas de adxudicación de prazas e listas de agarda para as Escolas Infantís Municipais para o curso 2022/2023

RESOLVO:

1) Estimar, polas razóns expostas en cada caso as reclamacións nº 1, (Miguel Puga Costas), reclamación nº 5 (M.^a Carmen Álvarez Veleiro), reclamación nº 6 (Iria Cobaleda Couto), reclamación nº 7 (Alfonso Segovia García) do Anexo I "Modificacións ás listaxes provisionais de admisión ás escolas infantís municipais para o curso 2022-2023" deste informe



Concello de Vigo

2) Desestimar, polas razóns expostas en cada caso, as reclamacións nº 2, (Natalia Vales Gómez), reclamación nº 3 (Yasari Magdalena Pastora Obregón), reclamación nº 4 (Pablo Sanroman Álvarez) do Anexo I "Modificacións ás listaxes provisionais de admisión ás escolas infantís municipais para o curso 2022-2023" deste informe.

3) Excluir, polas razóns expostas no Anexo II "Exclusións das listaxes provisionais de admisión ás escolas infantís municipais para o curso 2022-2023", deste informe, os/as seguintes solicitantes: Santiago Daniel Inzúa Ríos, Jenny Noa Avendaño Malla, Africa e Liam Álvarez Lorente, Sofía Lizbeth Sandoval Castro, Leire González Domínguez, Joshua García Palacios, Vega Fernández Núñez, Mia Covelo Brito, Antía Alonso Lahoz, Claudia Vázquez Solla, Nico Rúa Prieto, Wedad Cinderella Morad Hernández, Valeria Fernández Afonso, Indi Mattia Pérez, Sofia Mariña Barrecheguren Fernández, Pablo Fuente Quevedo, Mateo Suárez Costas, Breixo Díaz Sanfiz.

4) Excluir, polas razóns expostas no Anexo II "Exclusións das listaxes provisionais de admisión ás escolas infantís municipais para o curso 2022-2023", deste informe, as seguintes solicitudes recibidas fóra de prazo: Lia Fernández Obancea, Liv Tsybanev Cid, Mia Castillo Collazo e Martina Álvarez Miniño.

5) Aprobar definitivamente as listas de adxudicación de prazas e lista de agarda da Rede de Escolas Infantís Municipais (REIM) para o curso 2022-2023, que se inclúen no expediente: escolas infantís municipais Santa Cristina-Lavadores, Mestres Goldar-Castrelos, Santa Marta-Casco Vello, Tomás Alonso, Atalaia-Teis, Costeira-Saiáns, Navia, Bouzas e Bembrive. Dispoñer a súa publicación na web www.escolasvigo.org/reim

6) Contra a presente resolución poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte á publicación desta resolución.

Desta Resolución darase conta á próxima Xunta de Goberno Local.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(503).- REINTEGRO PARCIAL DA AXUDA MUNICIPAL Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2021 CONCEDIDA A "HEIDI VIOLETA CASTRO SALAS. EXPTE. 19095/77.

Visto o informe de fiscalización do 15/06/2022, dáse conta do informe-proposta do 02/06/2022, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento local, o concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Bases reguladoras e convocatoria do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2021.

ANTECEDENTES

Con data do 03.08.2021 e documento co núm. de rexistro 210160201 a entidade Heidi Violeta Castro Salas co NIF *****995X presentou solicitude de Axuda Municipal á Creación de Empresas 2021.

Con data do 05.08.2021 e documentos co núm. de rexistro 210160210, núm. de rexistro 210160627, núm. de rexistro 210160634 e co núm. de rexistro 210160647, así como con data do 05.10.2021 e documento co núm. de rexistro 210201873 a entidade Heidi Violeta Castro Salas co NIF *****995X achega outra documentación para completar o expediente de solicitude (expte. 18465/77).

Na data do 05.11.2021 e documento co núm. de rexistro 210223532 achega xustificante de pago das súas obrigas tributarias co Concello de Vigo.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión extraordinaria e urxente do 20.12.2021, acordou concederlle unha axuda por importe de 1.010,95 €.

Con data do 20.12.2021 e rexistro de saída número 104163-2021-1 comunícaselle a concesión da axuda, o seu importe, e o prazo para a súa aceptación e presentación da documentación necesaria para a xustificación e pago da mesma.

Con data do 22.12.2021 e documento co núm. de rexistro 210293471 e con data do 23.12.2021 e documento co núm. de rexistro 210293819 a entidade Heidi Violeta Castro Salas co NIF *****995X presenta, dentro do prazo establecido ao efecto, a documentación necesaria para a xustificación e pago da axuda outorgada, segundo consta no expediente 18884/77 de xustificación e pago da axuda.

Con data 21/03/2022 e documento co núm. de rexistro 220057932, Heidi Violeta Castro Salas co NIF *****995X, comunica, en síntese, que tivo que proceder ao peche da actividade da súa empresa por mor da baixada de vendas, que os ingresos non soportan os custos, que non puido facer fronte á subida de prezos, nin á presión da competencia.

Con data do 01.04.2022 o concelleiro delegado de Cultura e Emprego resolveu iniciar a tramitación do procedemento de revogación e requirimento de reintegro parcial da subvención concedida Heidi Violeta Castro Salas co NIF *****995X dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2021 (expte. 19095/77).



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS DE DEREITO

As Bases reguladoras e convocatoria do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2021, expediente 18293/77, establecen:

- na Base 1.4 Obrigas, serán obrigas da beneficiaria: *“Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención durante un tempo non inferior a 6 meses desde a data de concesión desta axuda, salvo cesamento por causas alleas a súa vontade e que deberá acreditar.*

... Proceder ao reintegro, total o parcial, da subvención percibida nos supostos previstos nos artigos 36-37 da LXS e 32-33 da LSG e nos casos previstos nestas bases reguladoras e convocatoria.”

- na Base 1.7 Alteración das condicións de tramitación e concesión das axudas: *“... A empresa deberá manter a súa actividade e as condicións que deron lugar á concesión da subvención durante un mínimo de 6 meses desde a data de concesión da axuda.*

... Calquera alteración nas condicións iniciais tidas en conta para a concesión desta subvención deberá comunicarse á unidade de Desenvolvemento Local e Emprego no prazo dun mes desde a súa modificación.

O cese da actividade ou a modificación das condicións que deron lugar á concesión da subvención, salvo causa xustificada, antes do prazo establecido será causa de reintegro total da subvención. A partires do dito prazo de 6 meses, o cese da actividade ou a modificación das condicións da subvención, dará lugar ao reintegro do 50% da subvención, salvo tamén causa xustificada ou que o incumprimento das condicións se aproximase substancialmente ao cumprimento.”

- na Base 8.1 Perda do dereito ao cobro, nulidade e reintegro: *“O incumprimento por parte do/a beneficiario/a da subvención de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, a variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, así como a obtención concorrente doutras axudas incompatibles dará lugar, en cada caso, á perda do dereito ao cobro da subvención, á redución da contía da mesma ou ó reintegro total ou parcial das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, sen menoscabo das sancións, que de ser o caso, resulten esixibles.*

Para a determinación das causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto nos artigos 36 e ss. da LXS. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

...O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a perda ou o reintegro total ou parcial da subvención, adoptarse previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará ao/a beneficiario/a co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de reintegro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención.”

- Reintegro de subvencións:

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro cando o/a beneficiario/a incorra nalgún dos casos previstos no art. 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O artigo 91 do Regulamento da LXS (aprobado mediante RD 887/2006, do 21 de xullo, RLXS), establece que o beneficiario deberá cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades, e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir cos compromisos asumidos con motivo da mesma. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos nas bases reguladoras da subvención.

O procedemento de reintegro da subvención é o establecido no artigo 42 da LXS. A tal efecto, o acordo da Xunta de Goberno Local que determine o reintegro da axuda concedida adoptarase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á interesada co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións ou presentar a documentación que considere pertinente e que deberá constar no informe-proposta do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

Xa que logo, procedeuse mediante orde de inicio de expediente 19095/77, asinada polo concelleiro de Cultura e Emprego de data do 23.03.2022, ao inicio do procedemento de reintegro parcial da subvención outorgada mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 20.12.2021 a prol de Heidi Violeta Castro Salas co NIF *****995X, en concepto de Axuda Municipal á Creación de Empresas 2021.

Mediante notificación asinada pola técnica de administración xeral da unidade de Desenvolvemento Local e Emprego en data do 01.04.2022, efectuouse o trámite de audiencia e posta a disposición do expediente, a fin de que no prazo de dez días a entidade puidese achegar as alegacións e documentación que considerase oportunas.

O acuse de recibo do 01.04.2022 que obra no expediente deixa constancia da recepción da devandita notificación.

Xa que logo, resulta procedente formular a proposta de acordo de reintegro parcial da subvención outorgada de acordo cos antecedentes e fundamento que consta no expediente 19095/77, de xeito que:

Examinados os expedientes núm. 18465/77 de solicitude da axuda e o expediente núm. 18884/77 de xustificación e pago da axuda concedida, e ao abeiro do disposto nas ditas bases



Concello de Vigo

reguladoras da convocatoria e da regulación contida nos artigos 34, 37 e 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e os artigos 31, 33 e 38 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia verifícase que

1.a empresa aceptou e xustificou a subvención outorgada polo que se procedeu ao seu pago na data do 17.01.2022.

2.o cese da actividade empresarial realizouse con data do 11.03.2022.

3.no documento 220057932 presentado ante o Rexistro Xeral con data do 21.03.2022 a empresa informa e xustifica os motivos polos que, por causa allea a súa vontade, procedeu ao peche da súa empresa de conformidade coa *base 1.4* e a *base 1.7*.

4.o período de mantemento da actividade empresarial desde a data do 20.12.2021 de concesión da axuda ata a data do 11.03.2022 do cese da actividade empresarial é inferior a 6 meses polo que incumpre o disposto na *base 1.4* e na *base 1.7*.

Tendo en conta a actual coxuntura socioeconómica se considera suficientemente xustificado o motivo do peche da actividade alleo a súa vontade (baixada de vendas, os ingresos non soportan os custos, subida de prezos, competencia, ...); non obstante, o tempo transcorrido desde a data de concesión da subvención ata o cese da actividade é de 81 días que é inferior á 6 meses (180 días) polo que, en aplicación da *base 5ª a)*, resulta procedente a incoación do expediente de REINTEGRO PARCIAL por importe de 556,02 € á entidade Heidi Violeta Castro Salas co NIF *****995X e os xuros de mora desde o momento do pago da subvención ata a data do acordo de procedencia do reintegro na vindeira sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal, segundo a estimación que se achega na seguinte táboa:

Data inicio do cálculo:	17/01/2022	Importe para o cálculo:	556,02 €
Data fin do cálculo:	05/05/2022	Tipo deuda:	Reintegro

Data Inicio	Data Vto.	Días período	Tipo (%)	Principal (€)	Xuros (€)
18/01/2022	05/05/2022	108	3,75	556,02	6,16
				Importe total	562,18 €

A contía do reintegro resulta de aplicar a regra de proporcionalidade pola diminución significativa das actuacións subvencionadas que non implican verdadeiro incumprimento do obxecto da subvención por canto o cese da actividade empresarial está motivada por causas alleas a súa vontade. Na aplicación da regra de proporcionalidade se parte de que o período de 6 meses (180 días) corresponde á totalidade do cumprimento do obxectivo da subvención fronte aos 81 días de cumprimento efectivo desde a data de outorgamento da axuda ata a data do cese da actividade empresarial.

A presente declaración de reintegro total da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL).

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Concelleiro de Cultura e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 17.08.2020, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de **ACORDO**

PRIMEIRO.- Requirir o reintegro parcial da subvención por importe de **556,02 €**, outorgada á empresa Heidi Violeta Castro Salas (*****995X) mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 20.12.2021, e **6,16 €** correspondentes aos xuros de demora xerados desde a data do pago da subvención ata a data da adopción do presente acordo (expte. 19095/77), correspondente á diminución significativa das actuacións subvencionadas.

A presente declaración de revogación e reintegro da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións.

SEGUNDO.- Dar conta á empresa do acordo adoptado, facendo constar que contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 029/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa. Poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

TERCEIRO.- Prazos para efectuar o aboamento (art. 62.2 LXT):

Si recibe esta notificación entre os días 1 e 15 de cada mes, ata o día 20 do mes posterior ou, se éste non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Si recibe esta notificación entre os días 16 e o último de cada mes, ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Advertencia:

Transcorridos os anteditos prazos de ingreso en período voluntario sen que se efectuase o ingreso da débeda, iniciarase o período executivo e a recadación efectuarase polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do obrigado ao pagamento, sendo esixibles neste suposto as recargas do período executivo, xuros de mora e costas do procedemento nos



Concello de Vigo

termos dos artigos 26 e 28 da LXT (art. 161 LXT).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(504).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E MUESTRALO ORGANIZACIÓN DE EVENTOS FERIALES S.L PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DA FEIRA INTERNACIONAL NAVALIA. EXPTE. 19239/77.

Visto o informe de fiscalización do 13/06/2022, dáse conta do informe-proposta do 24/05/2022, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento local, o concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. A empresa Muéstralo Organización de Eventos Feriales S.L., con CIF, B36942241 achega solicitude para a realización da Feira Internacional “Navalia” remitida en data 12/05/2022 a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo (Doc. Núm. 220123447), xuntando a seguinte documentación para tramitación do presente convenio co Concello:

- Declaración responsable de que a entidade non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no art. 13, apartados 2 e 3, da Lei 38/2003, de 17 de novembro e no art. 10, apartado 2 da Lei de Subvencións de Galicia.
- Declaración responsable de axudas solicitadas e/ou concedidas por outras entidades públicas ou privadas para o mesmo proxecto subvencionado.
- Orzamento de gastos e ingresos
- Memoria do proxecto subvencionado
- Certificado da titularidade da conta bancaria
- Autorización expresa para consulta de datos (cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social)

II. En data 13/05/2022, o Concelleiro de Cultura e Emprego asinou a orde para que por parte da unidade administrativa de Desenvolvemento Local e Emprego se inicie expediente para a tramitación dun convenio entre o Concello de Vigo e a empresa Muéstralo Organización de Eventos Feriales S.L., con CIF, B36942241 para contribuír ao financiamento da Feira Internacional “NAVALIA”

III. A petición do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, expídese certificación de data 16/05/2022, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo. Asemade achéganse as certificacións acreditativas de non ter obrigas pendentes coa Axencia Estatal Tributaria, Facenda da Xunta de Galicia e coa Seguridade Social

IV.- Consta no expediente memoria xustificativa e proposta de convenio que se propón para aprobación, asinada pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, co conforme do Concelleiro de Cultura e Emprego.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- Obxecto do convenio:

É obxecto deste expediente a concesión dunha subvención directa por importe de **5.000,00 €** á Muestralo Organización de Eventos Feriales S.L (B36942241), que se instrumentaliza a través do convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para o financiamento da FEIRA INTERNACIONAL “NAVALIA”, que se celebrará no mes de MAIO de 2022.



Concello de Vigo

II. Procedemento de concesión directa:

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2022, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio a través do cal se canalicen estas subvencións establecerá as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto na lei.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e as certificacións achegadas ao expediente, a beneficiaria non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

A competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa que consta no expediente, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei, en atención á singularidade da entidade beneficiaria e o carácter extraordinario da subvención proposta que motiva o presente procedemento, para coadjuvar á celebración dunha Feira que redundan en beneficio da promoción económica e social da cidade.

A Feira ten un interese público, económico e social, en base aos datos de expositores e visitantes dos que dispón a organización, coa participación de armadores/as, entidades públicas, centros de investigación doutros países, e os encontros internacionais e misións comerciais que prevén visitas técnicas aos estaleiros e industria auxiliar da cidade, en tanto que a alta taxa de desemprego afronta o seu futuro consciente de que é imprescindible a cooperación do tecido empresarial e a institución municipal para promover o seu desenvolvemento económico e social, dentro das políticas municipais que contribúan á mellora da ocupabilidade, a inserción laboral das persoas desempregadas

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despreparará os seus efectos ata o desenvolvemento do proxecto subvencionado (2022), sendo gastos subvencionables aqueles que, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado proposto polo entidade.

III. Suxeitos que asinan o convenio e capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes:

Por unha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio; correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Cultura e Emprego.

Pola outra parte, asinará o convenio don Javier Díaz Arnau (DNI: 3612****), en representación da empresa Muéstralo Organización de Eventos FERIALES S.L., con CIF, B36942241, segundo consta na escritura co poder de representación incorporado ao expediente.

IV. Competencia para a actividade de fomento do emprego:

Tanto na memoria xustificativa coma no texto do convenio explíctase o título da competencia municipal, resultando unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos, reducir a porcentaxe de persoas desempregadas, mediante un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, veciñal e social, entre as que figura, para acadar este obxectivo, a colaboración coas organizacións e entidades de todo tipo, de tal xeito que se mellore a dinamización empresarial, a contratación de persoas en situación de desemprego cara a busca de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

O desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose no marco das políticas activas de emprego polas que a Concellería de Cultura e Emprego asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador do emprego entre a cidadanía de Vigo, entre as que cabe destacar a celebración de eventos feirais de índole internacional, estatal e autonómica as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

Con fundamento no artigo 3.3.b) da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, non se considera como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando nos últimos anos desde este servizo para fomento do emprego, como



Concello de Vigo

actividade considerada pola Xunta de Goberno Local, mediante acordo adoptado en data 09/03/2012, como dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que *as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio (...)*. A este respecto, compre subliñar que a participación na formación de activos e desempregados, corresponde a materias de competencia propias do Concello segundo o disposto no artigo 80.2.p) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

V. Normativa de aplicación:

O artigo 48 da LRXSP habilita ás Administracións Públicas para celebrar convenios con persoas tanto de dereito público coma privado.

A tenor do disposto no artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando o convenio instrumente unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na normativa autonómica de desenvolvemento que, no seu caso, resulte aplicable. Xa que logo, resulta de aplicación o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado de réxime xurídico do sector público, en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución dos vixentes Orzamentos do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VI. Contía total e crédito orzamentario:

O importe do convenio de **5.000,00 €** imputaranse con cargo á aplicación orzamentaria 2410 4800012 "NAVALIA", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2022.

Os convenios están excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, nos termos e condicións do disposto no seu artigo 6.

Non se contempla a posibilidade de tramitar un pago anticipado.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma das obras subvencionadas.

-Procedemento e competencia:

Constan no expediente de aprobación do convenio os documentos necesarios para a súa tramitación: orde de inicio, memoria do convenio e borrador co texto do mesmo, que xunto co presente informe xurídico con proposta de resolución será remitido á Intervención Xeral do Concello para a súa fiscalización con carácter previo á súa aprobación polo órgano competente, de conformidade co disposto no art. 214 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais,



Concello de Vigo

pois corresponde á Xunta de Goberno Local a adopción do devandito acordo de aprobación do convenio e, con carácter previo, de aprobación do gasto (artigo 31 LSG).

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

De acordo co art. 8.1. letra "b" da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberá darse publicidade ao convenio que se subscriba e no que ás subvencións respecta, deberán comunicarse á Base de Datos Nacional de Subvencións unha vez formalizado o correspondente convenio coa entidade beneficiaria.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas mediante Resolución da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020 , elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Aprobado o proxecto de convenio que se xunta ao presente acordo entre o Concello de Vigo e a empresa Muéstralo Organización de Eventos FERIALES S.L., con CIF, B36942241, para axudar ao financiamento da organización da Feira Internacional "NAVALIA"

Segundo.- Autorizar o gasto de **5.000,00 €**, como contrapartida do estipulado no presente convenio con cargo á aplicación orzamentaria 2410 4800012 "NAVALIA", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2022 e, comprometer o mesmo a favor da empresa Muéstralo Organización de Eventos FERIALES S.L. (CIF:B36942241), para o cumprimento dos obxectivos recollidos no convenio.

Terceiro.- Facultar ao Concelleiro delegado de Cultura e Emprego , don Abel Losada Álvarez, para asinar o citado convenio, en caso de ser precisa a substitución do sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

Cuarto: Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A EMPRESA MUÉSTRALO ORGANIZACIÓN DE EVENTOS FERIALES S.L. PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DA ORGANIZACIÓN DA FERIA NAVALIA 2022.

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil vinte e dous.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Losada Álvarez, na súa calidade de concelleiro delegado de Cultura, e Emprego do Concello de Vigo (CIF : P3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Javier Díaz Arnau, con DNI: 3612****, actuando en calidade de representante da empresa Muéstralo Organización de Eventos Feriales S.L., con CIF, B36942241 con sede en Vigo na Rúa Príncipe, 24 4º, no seu nome e representación.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, por encomenda de funcións en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Ambas partes recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para subscribir o outorgamento de presente convenio e

EXPOÑEN

Que unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral.

Que o Concello de Vigo ten, dentro das súas propostas para estes anos, reducir a porcentaxe de persoas desempregadas, mediante un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, veciñal e social, entre as que figura, para acadar este obxectivo, a colaboración coas organizacións e entidades de todo tipo, de tal xeito que se mellore a dinamización empresarial, a contratación de persoas en situación de desemprego cara a busca de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

Que no marco das políticas activas de emprego, a Concellería de Cultura e Emprego asume a tarefa de impulsar o desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador do emprego entre a cidadanía de Vigo, entre as que cabe destacar a celebración de eventos feirais de índole



Concello de Vigo

internacional, estatal e autonómica, que redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular; polo que con fundamento no artigo 3.3.b) da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, a competencia administrativa para tramitar o presente procedemento fundaméntase en que non se considerará como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores; como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores para fomento de emprego, actividade prioritaria dentro desta Administración municipal.

E, de conformidade co anterior

MANIFESTAN

I.- Que a empresa Muéstralo Organización de Eventos Feriales S.L., con CIF, B36942241, con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar, organiza a Feria Navalía no mes de maio de 2022.

II. Que a cidade de Vigo e o seu entorno, constituíuse como unha das principais áreas de desenvolvemento da industria do sector naval, polo que esta cita representa unha oportunidade para potenciar conxuntamente a capacidade das industrias do noso entorno, e os valores turísticos de Vigo e das Rías Baixas, tendo en conta as oportunidades que se desenvolven no ámbito destas citas que teñen unha incidencia internacional, e a converten nun gran escaparate para as cidades que as promoven, así como da consolidación empresarial no seu ámbito de actuación.

III. Que segundo a memoria remitida pola entidade en data 12/05/2022 a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo (Doc. Núm. 220103447), a empresa Muéstralo Organización de Eventos Feriales S.L., o evento contará cunha importante parte expositora que dará protagonismo ao sector naval e permitirá contar cun lugar de reunión para xerar negocio e intercambiar coñecemento.

V. Que o Concello de Vigo considera que a FERIA NAVALIA ten un interese público, económico e social, en base aos datos de expositores e visitantes dos que dispón a organización, coa participación de armadores/as, entidades públicas, centros de investigación doutros países, e os encontros internacionais e misións comerciais, en tanto que a alta taxa de desemprego afronta o seu futuro consciente de que é imprescindible a cooperación do tecido empresarial e a institución municipal para promover o seu desenvolvemento económico e social, dentro das políticas municipais que contribúan á mellora da ocupabilidade, a inserción laboral das persoas desempregadas.

VI.- Que o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo do 2022 inclúe crédito na aplicación orzamentaria 2410 4800012 "NAVALIA", para conceder directamente, con carácter excepcional, segundo o previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 67 do seu regulamento, no art. 19.4.c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2022, unha subvención directa por razóns de interese público, económico e social, como é a celebración da Feria NAVALIA.

V.- Que a empresa MUÉSTRALO ORGANIZACIÓN DE EVENTOS FERIALES S.L., con CIF, B36942241,, non esta incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia (LSG), áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e frónte á Seguridade Social e non ten

débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo tramitado a estes efectos.

VI.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións directas, os interviñentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención con arranxo aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A empresa Muéstralo Organización de Eventos FERIALES S.L., con CIF: B36942241, comprométese a:

1º.- Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente, colaborando coa Concellaría de Cultura e Emprego do Concello de Vigo en canto a dinamización e fomento do emprego no sector da construción naval, e ao fomento do emprego directo e indirecto, derivado da organización da FERIA NAVALIA, contribuíndo á dinamización da actividade económica da cidade e fomento de emprego derivado da organización da feira internacional a través dos provedores locais contratados: instaladores/montadores, servizos de limpeza, seguridade, publicidade e comunicación, limpeza, e ao impacto na hostalería e comercio.

2º.- Adoptar as medidas de difusión previstas na cláusula sexta.

3º.- Dispor dos permisos, autorizacións e seguros necesarios para o desenvolvemento das actividades.

4º.- Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.

5º.- Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e en xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6º.- Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo Concello de Vigo, aportando canta información lle sexa requirida no exercicio destas funcións.

Segundo.- **O CONCELLO DE VIGO**, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa empresa "MUÉSTRALO ORGANIZACIÓN DE EVENTOS FERIALES S.L" na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

2º.- Conceder a "MUÉSTRALO ORGANIZACIÓN DE EVENTOS FERIALES S.L", CIF: B36942241, unha subvención por importe de 5.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 2410 4700012 "NAVALIA" mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola empresa e previa fiscalización da Intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar ao financiamento da Feria NAVALIA, de acordo co orzamento de custos do proxecto subvencionado achegado pola entidade.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá



Concello de Vigo

efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menos que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización, por si mesma, das actividades subvencionadas.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión da imaxe institucional do Concello de Vigo en todas as actuacións publicitarias e de difusión que se realicen nas actividades da beneficiaria, debendo aparecer nestas co seu logotipo ou anagrama en calidade de colaborador de todas as actividades realizadas no ano 2022.

Sétimo.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando polo menos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Oitavo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo máximo que remata o día **31 de outubro de 2022** o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá achegar unha conta xustificativa (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>, na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a beneficiaria está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando

esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel asinadas dixitalmente..

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

- Solicitud de abono da subvención.

- **Declaración responsable asinada electronicamente** na que manifesten que a documentación dixitalizada que se achega para a xustificación da presente subvención é fiel reprodución da documentación orixinal e que son certos todos os datos reflectidos na documentación achegada para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos recibidos.

- **Memoria descriptiva das actuacións realizadas asinada electronicamente** xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- **Memoria económica asinada electronicamente** dos gastos incorridos asinada electronicamente, cos xustificantes de pago dos gastos incorridos, á que se xuntarán as facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente, indicando na táboa o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número** de factura e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial):

- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non orzamentados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención

- En caso de exención do IVE achegarase unha declaración responsable asinada electronicamente pola entidade de non dedución do IVE ou, no seu defecto, o acordo de exención do IVE correspondente.

Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada.

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada** xustificarse **con copias de facturas dixitalizadas asinadas electronicamente**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.



Concello de Vigo

- **A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias** (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social. Se a entidade se opón expresamente á verificación telemática destes datos polo Concello de Vigo, deberá achegar de novo os certificados correspondentes.

- Para o caso de que a entidade beneficiaria declare **ter recibido outras subvencións** para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar copia electrónica da resolución de concesión das mesmas.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a exixencia da reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

Noveno.-Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente de pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no ano 2022, de acordo co orzamento de custos do proxecto subvencionado achegado pola entidade.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda 40.000 € por execución de obra ou 15.000 € no caso de subministración ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local dependente da Concellaría de Cultura e Emprego. A xefatura do servizo emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Cultura e Emprego e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento das subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos dos artigos 37 LXS e 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición,

estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados son indispensables para a xestión deste procedemento e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución da concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lexislación de subvencións en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E , en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, na data da sinatura dixital

Pola empresa Muestralo Org. de Eventos FERIALES S.L.
Emprego

O concelleiro delegado de Cultura e

D. Javier Díaz Arnau

D. Abel F. Losada Álvarez

A secretaria do Goberno Local,
Por encomenda de funcións
Susana Gallardo Fariña



Concello de Vigo

11(505).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA ASOCIACIÓN DO CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALADARES PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA GASTRONÓMICA DO POLBO 2022. EXPTE. 9210/335.

Visto o informe xurídico do 24/05/2022 e o informe de fiscalización do 14/06/2022, dáse conta do informe-proposta do 09/05/2022, asinado pola xefa do Servizo de Festas, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O Concelleiro delegado da área de Participación Cidadá e Festas resolveu en data 30 de marzo de 2022, que se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración co “Centro Veciñal e Cultural de Valadares” (CIF G-36.805.158), para a realización da “Festa do Polbo 2022”, o vindeiro 14 de agosto, no Parque Forestal do Monte dos Pozos (Valadares), dentro da programación “Vigo en Festas 2022”.

A Festa Gastronómica do Polbo ven organizándose nos últimos anos no Parque Forestal do Monte dos Pozos con gran éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns. Este programa vén sendo desenvolvido polo Centro Veciñal e Cultural de Valadares (CIF G-36.805.158), que conta como fins, entre outros e segundo os seus estatutos, os de: organizar actividades educativas, culturais, deportivas e sociais diversas.

O Centro Veciñal e Cultural de Valadares está en condicións de organizar a Festa Gastronómica do Polbo 2022, conforme ao Programa e ao Presuposto, recollidos como Anexo do texto do convenio.

O Concello de Vigo vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor para apoiar, potenciar e difundir entre toda a cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades dirixidas a todos os sectores culturais. Dentro de esta oferta vense incluíndo no programa “Vigo en Festas” dos últimos anos unha serie de festas de enalzamento gastronómico, co obxecto de potenciar os produtos das nosas rías como o mexillón, a sardiña e o pobo.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985 e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación dun convenio para a concesión dunha subvención polo procedemento de réxime directo. Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo artigo 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e pola Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

O convenio é un dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades convenientes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades. Este convenio regularase igualmente pola Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Concello de Vigo e o Centro Veciñal e Cultural de Valadares veñen asinando dende o ano 1996 convenios de colaboración similares para desenvolver este evento, acadando uns resultados moi satisfactorios para ambas as partes.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, se outorguen directamente.

A presente axuda acóllese ao réxime excepcional de concesión directa, conforme ao artigo 22.2 da Lei 38/2003, atopándose a tal fin previsión nominativa a favor do Centro Veciñal e Cultural de Valadares. O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación 3380.489.0006, prevé a concesión dunha subvención directa de carácter nominativo, a través do correspondente convenio por importe de 9.500,00 (nove mil cincocentos) euros a favor do Centro Veciñal e Cultural de Valadares para coadxuvar aos gastos de desenvolvemento do programa “Festas de Vigo 2022”

O importe total deste convenio, de carácter anual, con todos os conceptos e impostos incluídos, ascende a 9.500,00 euros.

Este convenio, queda suxeito ao cumprimento pola entidade dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social. A entidade encargarse da organización xeral do evento e asumirá todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total de 19.500,00 euros.

Pola súa banda, o Concello de Vigo, ademais de achegar a cantidade económica indicada, solicitará a presenza dos servizos de Protección civil e Policía local nos espectáculos e editará o material gráfico para a difusión da festa da sardiña.

O réxime xurídico de aplicación do presente convenio será a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, así como a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuir aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003, nos artigos 20. 4 e 8 b).

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia. Así mesmo, queda facultada o concelleiro delegado da Área de Participación Cidadá e Festas para asinar o citado convenio en virtude do Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros/as de área do Concello de Vigo de data 04/09/2020 e os acordos da Xunta de Goberno Local de delegación de competencias nos/as concelleiros/as – delegados/as de área aprobados con data do 20/06/2019 e modificacións do 04/07/2019, 11/07/2019, 05/09/2019, 18/08/2020, 05/11/2020 (rectificación de erros do texto consolidado), 23/12/2020 (rectificación de erros do texto)

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do concelleiro delegado da área de Participación Cidadá e Festas e do concelleiro de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA:



Concello de Vigo

“1º.- Que se aprobe o texto de convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e o Centro Veciñal e Cultural de Valadares, CIF G-36.805.158, para a organización da “Festa Gastronómica da Polbo 2022”.

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 9.500,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, a favor do “Centro Veciñal e Cultural de Valadares” con cargo á aplicación presupostaria 3380.489.0006 (Convenio Centro veciñal e cultural de Valadares – Festa Polbo) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio económico.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALADARES PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA GASTRONÓMICA DO POLBO 2022

Na Casa do Concello de Vigo, a _____ de dous mil vinte e dous.

REUNIDOS

Dunha parte, don PABLO L. ESTÉVEZ RODRÍGUEZ, na súa calidade de CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ E FESTAS DO CONCELLO DE VIGO, na representación legal do mesmo, en virtude do Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros/as de área do Concello de Vigo de data 04/09/2020 e os acordos da Xunta de Goberno Local de delegación de competencias nos/as concelleiros/as – delegados/as de área aprobados con data do 20/06/2019 e modificacións do 04/07/2019, 11/07/2019, 05/09/2019, 18/08/2020, 05/11/2020 (rectificación de erros do texto consolidado), 23/12/2020 (rectificación de erros do texto)

Doutra, dona Ana Pérez Davila, (DNI 36037085-H) como presidenta do Centro Veciñal e Cultural de Valadares, CIF nº G-36.805.158 e enderezo social na estrada de Valadares, nº 261 de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 9210/335.

Recoñecéndose mutuamente os comparecentes a plena capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Os intervinientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión dunha subvención, cuxo obxecto é a organización da Festa Gastronómica do Polbo 2022, que se desenvolverá o día 14 de agosto de 2022, dentro do programa de actividades “**Vigo en Festas 2022**” no Parque Forestal do Monte dos Pozos de Valadares. A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

II.- O Concello de Vigo e o Centro Veciñal e Cultural de Valadares, veñen asinando dende o ano 1996 e de forma ininterrompida, convenios de colaboración para desenvolver a Festa Gastronómica do Polbo, cuns resultados acadados moi satisfactorios para ambas as partes.

III.- O Centro Veciñal e Cultural de Valadares ten entre outros fins, e segundo os seus estatutos, os de: organizar actividades educativas, culturais, deportivas e sociais diversas.

IV.- O Concello de Vigo vén organizando o programa de actividades “Vigo en Festas 2022” que se desenvolve nos meses de xuño a setembro na cidade de Vigo, co obxecto de potenciar a oferta cultural que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as festas gastronómicas de enalzamento de produtos da nosa ría, como son o polbo, a sardiña e o mexillón, así como os nosos folclore e cultura populares. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais.

V.- O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

VI.- O artigo 72 da Lei 7/1985 fai referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

VII.- Conforme o disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente.

VIII. O Concello de Vigo no seu vixente presuposto, na aplicación orzamentaria 3380.489.0006, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe 9.500,00 (nove mil cincocentos) euros, a favor do Centro Veciñal e Cultural de Valladares para o desenvolvemento da Festa do Polvo 2022.

IX.- O Centro Veciñal e Cultural de Valadares non está incurso en prohibición para ser beneficiario das subvencións obxecto da Lei de Galicia 9/2007, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 9210/335.

En base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade do CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALADARES, o CONCELLO DE VIGO e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS



Concello de Vigo

Primeiro.- O Centro Veciñal e Cultural de Valadares comprométese a colaborar co Concello en canto ao desenvolvemento da Festa do Polbo 2022 que terá lugar no Parque Forestal do Monte dos Pozos de Valadares o día 14 de agosto de 2022, en particular a:

1º. Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, seguro de responsabilidade civil así como cumprir a programación que consta no expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os que especifiquen como responsabilidade do Concello.

3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade.

4º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

5º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura neste expediente.

6º.-Distribuír o material publicitario editado con motivo das festas, entregado polo Concello.

7º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza e do recibo correspondente, nos días previos ao inicio da festa.

8º.- Deixar a zona do Monte dos Pozos que se utilice para a festa en perfectas condicións de limpeza e respectando a natureza do entorno.

9º.- Contratar a elaboración dun Plan de Autoprotección que avalíe os riscos que se poidan derivar da execución do programa de actividades, cumprindo coas recomendacións que deriven do mesmo, se así o require o Servizo de Seguridade e Mobilidade.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa organización da festa en xestións como a presenza da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.

2º.- Achegar un total de cincocentos carteis con motivo da festa, que entregará á entidade beneficiaria para a súa distribución, cunha antelación mínima de dez días.

3º.- Incluir esta actividade na campaña de publicidade que o Concello realice con motivo do programa das “Vigo en Festas 2022”.

4º.- Conceder directamente ao Centro Veciñal e Cultural de Valadares, unha subvención por importe de 9.500,00 (nove mil cincocentos) euros co obxecto de coadxuvar ao financiamento da organización da Festa do Polbo 2022.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade estipulada no pacto segundo deste convenio efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número IBAN ES87 2080 5082 3630 4000 7433 da entidade ABANCA, e da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas segundo o establecido no pacto noveno.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos o soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) o CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALADARES, está obrigado a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta



Concello de Vigo

xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da L.X.S. establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considérase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizada a subsanación.

Noveno.- A beneficiaria, unha vez rematada a actividade subvencionada e antes do mes de decembro, deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.
- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados

para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas. A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Décimo.- No caso de que a Asociación se opoña expresamente a que o Concello comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o Concello recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Festas do Concello de Vigo. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Participación Cidadá e Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei de Galicia 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurarán o logotipo do Concello de Vigo e da Asociación, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo xesto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas.



Concello de Vigo

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2022 e non será prorrogábel.

Décimo oitavo.- O concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo noveno.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vixésimo.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

Vixésimo primeiro.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será libre e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, a entidade beneficiaria propondrá ao Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Participación Cidadá e Festas. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ao público.

A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade propondralle ao Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

Vixésimo segundo.- En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das

subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

Vixésimo terceiro.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; así como a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican.

12(506).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ACTUACIÓN ARTÍSTICA, RIDER E CATERING DE HOMBRES G DENTRO DO “PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2022”. EXPTE. 9241/335.

Visto o informe xurídico do 10/06/2022 e o informe de fiscalización do 14/06/2022, dáse conta do informe-proposta do 09/06/2022, asinado pola xefa do Servizo de Festas, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

Con data 21 de maio de 2022 o Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas, ditou orden de inicio de expediente (artigo 116 LCSP) para a contratación do servizo da **actuación artística, rider e cátering de HOMBRES G** o día 14 de Agosto de 2022, no Auditorio de Castrelos e dentro do programa “Vigo en Festas 2022”. No expediente consta:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) asinada pola Xefa de Servizo de Festas con data do 21/05/2022 e a resolución do concelleiro delegado que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 23 de maio 2022.
- Memoria económica, de data 27 de maio de 2022
- Documento económico, de data 30 de maio de 2022
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 31 de maio de 2022
- Memoria xustificativa, de data 31 de maio de 2022, relativa aos seguintes extremos:
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP)
 - Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP).



Concello de Vigo

- Xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
- Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
- Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
- Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
- Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP).
- Xustificación da non necesidade de fixar un prazo de garantía (artigo 67.2.t RLCAP).
- Establécense como tarefas críticas a actuación musical que non poderá ser obxecto de subcontratación por tratarse de prestacións personalísimas. (artigo 215 LCSP).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do xervizo de contratación do 1 de xuño de 2022
- Prego de cláusulas administrativas do 8 de xuño de 2022

Por todo o exposto, e previo informes xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento **negociado sen publicidade** e tramitación **ordinaria** do contrato da prestación do servizo da **actuación artística, rider e cátering de HOMBRES G** o día 14 de Agosto de 2022, no Auditorio de Castrelos e dentro do programa “Vigo en Festas 2022”.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 31 de maio de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 8 de xuño de 2022 redactado pola Xefa do Servizo de Contratación.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación **121.000,00 euros**, sendo o valor estimado do contrato de **100.000,00 euros** con cargo a aplicación orzamentaria á aplicación 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas para o vixente exercicio económico

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(507).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ACTUACIÓN ARTÍSTICA, RIDER E CATERING DE LOVE OF LESBIAN DENTRO DO “PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2022”. EXPTE. 9236/335.

Visto o informe xurídico do 10/06/2022 e o informe de fiscalización do 14/06/2022, dáse conta do informe-proposta do 03/06/2022, asinado pola xefa do Servizo de Festas, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

Con data 23 de maio de 2022 o Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas, ditou orden de inicio de expediente (artigo 116 LCSP) para a contratación do servizo da **actuación artística, rider e cátering de LOVE OF LESBIAN** o día 29 de Xullo de 2022, no auditorio de Castrelos e dentro do programa “Vigo en Festas 2022”. No expediente consta:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) asinada pola Xefa de Servizo de Festas con data do 21/05/2022 e a resolución do concelleiro delegado que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 23 de maio 2022.
- Memoria económica, de data 24 de maio de 2022
- Documento económico, de data 26 de maio de 2022
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 31 de maio de 2022
- Memoria xustificativa, de data 31 de maio de 2022, relativa aos seguintes extremos:
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP)
 - Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP).
 - Xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
 - Xustificación da elección dos criterios de adjudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP).
 - Xustificación da non necesidade de fixar un prazo de garantía (artigo 67.2.t RLCAP).
 - Establécense como tarefas críticas a actuación musical que non poderá ser obxecto de subcontratación por tratarse de prestacións personalísimas. (artigo 215 LCSP).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
 - Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).



Concello de Vigo

- Informe do xervizo de contratación do 1 de xuño de 2022
- Prego de cláusulas administrativas do 1 de xuño de 2022

Por todo o exposto, e previo informes xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento **negociado sen publicidade** e tramitación **ordinaria** do contrato da prestación do servizo da **actuación artística, rider e cátering de LOVE OF LESBIAN** o día 29 de Xullo de 2022 no auditorio de Castrelos e dentro do programa “Vigo en Festas 2022”.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 31 de maio de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 1 de xuño de 2022 redactado pola Xefa do Servizo de Contratación.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación **173.998,00 euros**, sendo o valor estimado do contrato de **143.800,00 euros** con cargo a aplicación orzamentaria á aplicación 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas para o vixente exercicio económico

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(508).- RECTIFICACIÓN DE ERROS NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ACTUACIÓN ARTÍSTICA, RIDER E CATERING DE DANI MARTÍN DENTRO DO “PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2022”. EXPTE. 9267/335.

Dáse conta do informe-proposta do 20/06/2022, asinado pola xefa do Servizo de Festas, e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 16 de xuño de 2022, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento **negociado sen publicidade** e tramitación **ordinaria** do contrato da prestación do servizo da **actuación artística, rider e cátering de DANI MARTÍN** o día 17 de Agosto de 2022 no Auditorio de Castrelos e dentro do programa “Vigo en Festas 2022”.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 31 de maio de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 1 de xuño de 2022 redactado pola Xefa do Servizo de Contratación.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación **287.980,00 euros**, sendo o valor estimado do contrato de **49.980,00 euros** con cargo a aplicación orzamentaria á aplicación 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas para o vixente exercicio económico

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Revisada a documentación detéctase un erro material no punto terceiro do acordo, en concreto no importe do valor estimado do contrato polo que de conformidade co disposto bo artigo 109.2 da Lei 39/2019, do 2 de outubro, de procedemento administrativo común propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación o seguinte acordo

PRIMEIRO.- Rectificar o acordo da Xunta de Goberno local de data 16 de xuño de 2022 de xeito que onde dí

“ **Terceiro:** Autorizar o gasto polo importe base de licitación **287.980,00 euros**, sendo o valor estimado do contrato de **49.980,00 euros** con cargo a aplicación orzamentaria á aplicación 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas para o vixente exercicio económico”

Debe dicir “

*“Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación **287.980,00 euros**, sendo o valor estimado do contrato de **238.000,00 euros** con cargo a aplicación orzamentaria á aplicación 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas para o vixente exercicio económico”*

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(509).- SOLICITUDE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DA XUNTA DE GALICIA DA DESAFECTACIÓN, COMO VIVENDA DE MESTRES, DO EDIFICIO EXISTENTE NA PARCELA DO CEIP CANICOVA-CASTRELOS (PROPIEDAD MUNICIPAL Nº 000084 DO IMBD). EXPTE. 21015/240.

Dáse conta do informe-proposta do 15/06/2022, asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio, a xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Reximen Local.



Concello de Vigo

L 33/2003 de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.

Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das

Administracións Públicas

L 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

LO 2/2006, de 3 maio, de Educación.

RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais

D 250/1988, de 21 de xullo, polo que regulase o dereito a casa-habitación dos profesores de educación xeneral básica.

INFORME - PROPOSTA:

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- Polo Servicio de Educación informouse o 27/05/2022 que: *No recinto escolar do Centro de Educación Infantil e Primaria Canicouva (Castrelos), hai un edificio con planta baixa e tres alturas ata algúns anos destinado a vivendas do profesorado e na actualidade sen uso, salvo un pequeno espazo destinado a almacén, ademais dunha zona de estacionamento de vehículos de profesorado do centro. Este inmovible atopase nun deficiente estado de conservación producíndose desprendementos de elementos da fachada, o que supón un perigo para o alumnado e persoal do colexio.*

En data 10/05/2022 emítese polos arquitectos municipais informe sobre o estado de conservación e posibilidades de intervención nas antigas vivendas de mestres na parcela do CEIP CANICOVA - CASTRELOS. Neste informe conclúese que "Á vista das patoloxías descritas, si ben non semella ter cabida un suposto de ruína técnica ou económica nos termos regulados pola actual lexislación, pódese falar da inviabilidade do mantemento da edificación en termos funcionais, xa que as características morfolóxicas e constructivas do edificio imposibilitan calqueira reforma ou rehabilitación para dar cabida a posibles usos de carácter educativo contemplados pola Ordenanza de aplicación: en primeiro lugar, as alturas libres entre pisos incumprirían as mínimas esixibles para dar cabida a usos de carácter dotacional. Ademais, as limitacións de accesibilidade e habitabilidade derivadas da configuración do inmovible fan que resulte inviable unha posible rehabilitación integral.

Ten que salientarse que o ámbito da edificación obxecto deste informe atópase acotado e pechado perimetralmente, estando restrinxido o acceso do alumnado do centro a esta zona. Con todo, á vista das condicións que presentan fachadas e revestimentos, resulta desaconsellable o uso do perímetro e baixos do inmovible como espazo de aparcamento, dado que non se pode garantir a seguridade dos usuarios ante un eventual desprendemento.

En consecuencia, considérase necesario adoptar con carácter inmediato as medidas de protección correspondentes (instalación de bandexas ou elementos de protección no perímetro do inmovible), ou ben restrinxir totalmente ó acceso a este ámbito.

As actuacións que poidan levarse a cabo posteriormente sobre a edificación, máis alá das medidas de seguridade e protección que poidan

adoptarse temporalmente, terían que orientarse a unha futura demolición da construción, ca consecuente recuperación do espazo ocupado coma patio do centro e zonas exteriores, ou ben coma ámbito disponible para futuras actuacións edificatorias."

En base ao exposto e en virtude das competencias recollidas no Decreto 198/220, de 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (DOG 242, do 1 de decembro de 2020), estímase procedente que se solicite á Consellería de Cultura, Educación e Universidade a desafectación do edificio como inmovible destinado a vivendas de mestres e mestras, para proceder á súa demolición solucionado o perigo que para os nenos e nenas e persoal do centro pode supoñer o mal estado de conservación deste edificio.

Achégase copia do informe dos arquitectos municipais de data 10/05/2022.

SEGUNDO.- Pola Concelleira Delegada de Patrimonio ordenouse en data 10/06/2022 o inicio do correspondente procedemento administrativo de desafectación do edificio destinado a vivenda do profesorado no CEIP CANICOUVA.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

PRIMEIRO.- O Grupo Escolar Castrelos (na actualidade CEIP CANICOUVA), na parroquia de Castrelos, consta de titularidade municipal inscrita no Inventario municipal de bens e dereitos baixo o número de propiedade 000084, co natureza xurídica de ben de servizo público afecto o servizo educativo.

En dito inmovible, según os datos do inventario, consta un edificio destinado a vivendas de mestres, de ladrillo caravista e cuberta plana, de 4 plantas, construído no ano 1974.

Dado o seu deficiente estado de conservación, atopase *acotado e pechado perimetralmente, estando restrinxido o acceso do alumnado do centro a esta zona que aconsella, unha futura demolición da construción, ca consecuente recuperación do espazo ocupado coma patio do centro e zonas exteriores, ou ben coma ámbito disponible para futuras actuacións edificatorias,* segun resulta do informado polos servizos técnicos municipais.

SEGUNDO.- A facultade das Entidades Locais para proceder á alteración da cualificación xurídica dos seus bens ven recoñecido no art. 81 da Lei 7/85 RBRL, art. 269 da Lei 5/97 de ALG e art. 8 do R.D. 1372/86 RBEL, ó dispor que dita alteración xurídica levaráse a cabo mediante a tramitación do correspondente expediente administrativo no que se acredite a oportunidade e legalidade desta, requirindo a súa adopción a cumprimentación de diversos requisitos que a mesma normativa establece, así como o disposto na normativa sectorial de aplicación.

Neste senso, a concurrencia competencial doutras administracións públicas no ámbito do servizo educativo e polo tanto en relación os bens que se atopan vencellados a ese destino, como no presetne caso acontece co edificio de vivendas existente no CEIP CANICOUVA, fai



Concello de Vigo

preciso acadar a autorización pertinente destas a teor do sinalado na súa normativa reguladora e no ámbito competencial que lle e propio.

De acordo co decreto 1373/82 de 24 de xullo, polo que se levou a cabo a transferencia de funcións e servicios do estado en materia de educación a favor da Comunidade Autónoma de Galicia, esta obtenta na actualidade a condición de Administración xestionante do servizo educativo no ámbito de esta Comunidade e, consecuentemente, requírese como trámite previo e necesario a obtención da Consellería de Educación da Xunta de Galicia da autorización correspondente para a alteración xurídica da natureza de dito ben, desafectando como vivenda do profesorado do servizo educativo, tal e como se recolle no art. 6 do D 250/1988, de 21 de xullo, polo que regulase o dereito a casa-habitación dos profesores de educación xeneral básica, o sinalar que a *Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a petición dos Ayuntamientos, poderá declarar a desafectación das vivendas cando éstas non sean necesarias para o fin para el que foron afectadas e sempre que en dito edificio no funcione unidade ou unidades escolares. De igual maneira se poderán desafectar aquelas vivendas que excedan da plantilla de mestres da localidade en función das necesidades de escolarización.*

CUARTO.- A desafectación proposta non incide na natureza xurídica do inmovible onde situase dito edificio, que seguira mantendo a súa condición de dominio público municipal afecto ó servizo público educativo, polo seu destino a centro de educación infantil, pero si pola contra o uso como vivenda habitación de mestres do edificio existente nese inmovible, que no presente caso ven motivada e atopa a súa xustificación na falta de adicación a dito uso (vivenda de mestres), así como no seu deficiente estado de conservación e a *inviabilidade do mantemento da edificación en termos funcionais, xa que as características morfolóxicas e constructivas do edificio imposibilitan calqueira reforma ou rehabilitación para dar cabida a posibles usos de carácter educativo (...) ou as limitacións de accesibilidade e habitabilidade derivadas da configuración do inmovible fan que resulte inviable unha posible rehabilitación integral*, como sinalase polos servizos técnicos que aconsellan unha futura demolición da construción, coa conseguinte recuperación do espazo ocupado coma patio do centro e zonas exteriores.

QUINTO.- A teor do exposto, procede solicitar da autoridade educativa xestora do inmovible (Xunta de Galicia) a correspondente desafectación do edificio de vivendas de mestres existente no CEIP CANICOUVA, polos motivos anteriormente sinalados.

Por todo ello, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

“UNICO.- Solicitar da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia a desafectación, como vivenda de mestres, do edificio de catro plantas existente na parcela do CEIP CANICOUVA (propiedade municipal nº 000084 do IMBD), na parroquia de Castrelos, ó non adicarse a dito uso e polo seu deficiente estado de conservación, que fai conveniente proceder a súa demolición”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(510).- EXPEDIENTE DISCIPLINARIO Á FUNCIONARIA MUNICIPAL NP 21700. EXPTE. 38884/220.

Dáse conta do informe-proposta do 17/06/2022, asinado pola instructora do expediente disciplinario referido, que di o seguinte:

I.- Notificado o prego de cargos formulado de conformidade co artigo 22 do Decreto 94/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de réxime disciplinario dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, á funcionaria municipal con DNI n^o****052 Z, e n^o persoal 21.700, adscrita ao Servizo de Educación do Concello de Vigo, e constando informe de 16/05/2022 (trámite 102 do expediente) segundo o que: *“Conforme o artigo 43 previsto na Ley 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, transcorrido o prazo outorgado á empregada municipal con DNI ***1205** e n^o de persoal 21700 para a recepción do IXE (prego de cargos) posto a disposición e notificado con data de 26 de abril de 2022 ás 11:10 horas am, certifícase que a interesada non accedeu o seu contido.”*

II.- Notificada dilixencia outorgando trámite de audiencia por un prazo de dez días, de conformidade co disposto no artigo 26 do Decreto 94/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de réxime disciplinario dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas, para formular alegacións e presentar os documentos ou xustificacións que estime procedentes para a súa defensa, e constando informe de 16/06/2022 (trámite 129) segundo o cal: *“Conforme o artigo 43 previsto na Ley 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, transcorrido o prazo outorgado á empregada municipal con DNI ***1205** e n^o de persoal 21700 para a recepción da dilixencia posta a disposición e notificada con data de 1 de xuño de 2022 ás 15:04 horas am, certifícase que a interesada non accedeu o seu contido.”*

III.- Tendo en conta que ao amparo dos artigos 41 e 43 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común e do artigo 45 do Real Decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos, e sendo a Sra. Arnosu suxeito obrigado a recibir a notificación por medios electrónicos, enténdese rexeitada a notificación polo transcurso do prazo de dez días naturais dende a posta a disposición na sede electrónica, dando por efectuados os trámites e continuando a tramitación do procedemento.



Concello de Vigo

Queda constancia no expediente das datas e horas do momento de posta a disposición na sede electrónica das notificacións efectuadas na tramitación do procedemento (resolución de inicio, prego de cargos e trámite de audiencia).

IV.- Transcorrido o prazo de alegacións procedente e de achega de documentos de relevancia, todo elo dentro do expediente disciplinario incoado por Decreto da Concellería-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de data 27/01/2022; en estrita aplicación do preceptuado na no artigo 27 do Decreto 94/1991, do 20 de marzo, e na Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, esta Instrución formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO CON SANCIÓN**

I.- Resultando que por Resolución de data 27/01/2022 procedeuse á incoación de expediente disciplinario nº 38884/220 á funcionaria municipal nº de persoal 21.700 con DNI nº *****052 Z, auxiliar administrativa adscrita ao Servizo de Educación, motivada nas reiteradas ausencias inxustificadas ao traballo, contrastadas tanto por parte da inspección de persoal da Área de Recursos Humanos, como por parte da Xefatura do Servizo de adscrición, que ten comunicado dita incidencia;

II.- Resultando que a funcionaria municipal expedientada e segundo consta no informe de inspección de persoal (trámite 113) do expediente, non acudiu o seu posto de traballo nos períodos seguintes:

- *Que salvo erro ou omisión, consta a ausencia o posto de traballo segundo os datos contidos no programa de control de presenza horaria, no período comprendido entre maio de 2019 e xullo de 2019; e dende setembro de 2020 até a actualidade.*
- *Que salvo erro ou omisión, consta que estivo en situación de IT, no período comprendido entre 31 de xullo de 2019 e 19 de setembro de 2020, e noutro posterior entre o 27 de xullo de 2021 e o 1 de outubro de 2021.*

III.- Resultando que consta informe administrativo (trámite 40), segundo o que *“a interesada comunica verbalmente que lle chegou un aviso de notificación electrónica a cal non accedeu porque temía que fose en relación a un expediente disciplinario, dado que ela é consciente que non está cumprindo coa asistencia efectiva ao seu posto de traballo.*

Indícolle que efectivamente trátase dunha comunicación previa ao inicio dun expediente disciplinario polo incumprimento da súa xornada e horarios establecidos.

A mesma comunica que leva moitos anos mal e inestable, que solicitou unha incapacidade a cal lle denegaron e non se atopa capaz de afrontar o día a día no traballo, e que antes de que lle abran un expediente disciplinario, prefere renunciar á súa praza.

Indícolle que é unha decisión moi persoal e que se está segura da súa elección ten que facelo constar por rexistro a efectos de comunicalo a esta Área de recursos humanos e formación e tamén ao seu servizo.” Sendo que salvo erro ou omisión, non consta presentado por rexistro documento algún relacionado co manifestado pola referida funcionaria.

IV.- Resultando que na tramitación do procedemento foi seguido o procedemento disciplinario recollido no Decreto 94/1991, do 20 de marzo, do Regulamento de Réxime Disciplinario dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia; que formulado o prego de cargos e trámite de audiencia, foron rexeitada as notificacións, quedando constancia no expediente das datas e horas do momento de posta a disposición na sede electrónica das notificacións efectuadas, dándose por efectuado o trámite e seguíndose o procedemento ao amparo dos artigos 41 e 43 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común, e do artigo 45 do Real Decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos;

V.- Considerando que os feitos probados ao longo da tramitación do expediente administrativo nº 38884/220 resultan susceptibles de vulnerar o Código de Conduta dos Empregados Públicos, recollido nos artigos 52, 53 e 54 da do Texto Refundido 5/2015, de 30 de outubro, do Estatuto Básico do Empregado Público, e os artigos 185 e ss da Lei 2/2015, do 29 de abril, de *Emprego Público de Galicia*, onde se recollen as obrigas dos empregados públicos, concretado neste caso, no **incumprimento da xornada laboral e do deber de asistencia ao traballo mediante ausencia reiterada, inustificada e persistente ao posto de traballo**;

VI.- Considerando que de acordo ao marco legal vixente a dita conduta resulta ser constitutiva de **falta disciplinaria grave por incumprimento da xornada laboral e do deber de asistencia ao traballo**, e que a dita conduta típica está sancionada coa **suspensión de funcións**, ao ser unha falta grave, de conformidade co disposto nos artigos 189 da Lei 2/2015 e artigo 8, apartado b) e 9, apartado 2 do Decreto 94/1991, **por tempo non superior a 3 anos**, segundo dispón o artigo 9.2, último parágrafo do decreto indicado.

VII.- Considerando que a potestade sancionadora que exerce a Administración Pública non se desenvolve a través dunha actuación que este gobernada polo principio da discrecionalidade, sino por unha actuación que debe decidir sobre cuestións xurídicas aplicando, de xeito regrado, conceptos, elementos, pautas e criterios prefixados en normas xurídicas. E elo, non so para decidir cales son os feitos e condutas acaecidos na realidade e si os mesmos se subsumen ou non nun tipo infracción previamente establecido na norma, sino tamén para determinar cal deba ser no caso concreto a sanción que a tales feitos e condutas corresponde segundo as previsións contidas a tal fin no ordenamento xurídico. Neste sentido e dentro do abanico previsto na norma, nosa xurisprudencia repetiu insistentemente que a sanción que se aplique debe estar informada polo principio de proporcionalidade, o que significa que debe ser adecuada a gravidade do feito constitutivo da infracción. Para o cal a Administración debe ponderar, en todo caso, as circunstancias concorrentes ao obxecto de alcanzar o necesario e debido equilibrio entre os feitos imputados e a responsabilidade exixida.

Neste caso, a imposición da sanción ten en conta o grao de reiteración que se revela na conduta da inculpada, así como a afectación ao interese público, polo que procede a imposición da suspensión de funcións por un período de 10 meses.

VIII.- En atención a todo o exposto, e vista a competencia que a **Xunta de Goberno Local** ostenta en canto ao réxime disciplinario dos funcionarios públicos segundo o artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local,

PROPONSE:

PRIMEIRO.- Declarar á funcionaria funcionaria municipal con DNI nº*****052 Z, e nº persoal 21.700, auxiliar administrativa de administración xeral adscrita ao Servizo de Educación do Concello de Vigo, responsable da comisión dunha falta disciplinaria grave, tipificada no artigo 4, apartado l) do Decreto 94/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de réxime disciplinario dos funcionarios ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia, concretada no incumprimento da xornada laboral e do deber de asistencia ao traballo mediante ausencia reiterada, inustificada e persistente ao posto de traballo, a corrixir coa sanción de suspensión de funcións por un tempo non superior a 3 anos, recollida nos artigos 8.b) e 9.2 do Decreto 94/1991, do 20 de marzo indicado.

SEGUNDO.- Impoñer á funcionaria expedientada, en consideración á situación da mesma acreditada no expediente, unha **sanción disciplinaria consistente na suspensión de**



Concello de Vigo

funcións por 10 MESES, que deberá comezar a cumprir dende a data da notificación do presente acordo á interesada.

TERCEIRO.- Deixar sen efecto, a partir do día seguinte da notificación do presente acordo á interesada, a medida cautelar de suspensión de emprego e soldo, acordada por Resolución de data 08/02/2022.

CUARTO.- Notifíquese o presente acordo á interesada, Sr. Presidente do Comité de Persoal, Sr/Sra. Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefatura da Área de RRHH e Formación, Intervención Xeral Municipal, Xefatura de Educación aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que estime procedente en defensa dos seus dereitos.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(511).- RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA O NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS EN PRÁCTICAS DAS 46 PERSOAS QUE SUPERARON O PROCESO SELECTIVO DE POLICÍA LOCAL (OEP 2017-18-19). EXPTE. 40087/220

Dáse conta do informe-proposta do 16/06/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de 03/05/2022, adoptou acordo polo que se aproba o nomeamento como funcionarios en prácticas con cargo ás 46 prazas vacantes de Policía Local, ofertadas na OEP 2017, 2018, 2019 (expte 39742-220).

II.- O día 02/06/2022 a Sra. Curbelo Gómez, presenta recurso de reposición contra o citado acordo (doc nº 220120587).

III.- Na mesma data dende a Área de RRHH e Formación, se remite dilixencia á Secretaria do Órgano de selección segundo o cal "*Sendo que os fundamentos do recurso presentado, que consta no dito documento versan exclusivamente sobre a valoración do órgano de selección da proba de salto horizontal, e aos efectos de poder resolver o mesmo, se solicita informe ao respecto.*"

IV.- A Secretaria do órgano de selección, remite informe: “Na data 3 de xuño de 2022 polo servizo de recursos humanos se solicita informe en relación co recurso potestativo de reposición interposto con data 02/06/2022 pola Sra. Curbelo Gómez, (doc no 220120587) contra o acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado en sesión extraordinaria e urxente de 03/05/2022, que acordou o nomeamento como funcionarios en prácticas aos aspirantes que superaron o proceso selectivo de policía local (quenda libre OEP 2017, 2018, 2019).

Examinado o contido do recurso presentado, o mesmo reproduce integramente o contido do recurso de alzada presentado pola recorrente na data 31 de maio de 2022 contra o acordo do órgano de selección de data 4 de marzo de 2022, polo que se desestima a súa reclamación presentada contra a cualificación de non apta na proba de potencia do tren inferior celebrada na data 15 de febreiro de 2022, dentro das probas de aptitude física que forman parte da oposición libre para obter unha praza de Policía Local

Dito recurso foi desestimado por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 2 de xuño de 2022 (expediente 39161-220) a proposta do órgano de selección, designado no proceso selectivo de policía local , quenda libre .

Achegase copia da proposta de desestimación do mesmo.”

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- Admisión do recurso

En canto á **lexitimación** para interpor o recurso de reposición, dispón o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local que, contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin a vía administrativa, poderán os interesados exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente, podendo non obstante, interpor con carácter previo e potestativo recurso de reposición. No mesmo sentido o artigo 112 da Lei 39/2015 determina que contra as resolucións e os actos de trámite cualificados poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición.

En canto a lexitimación da recorrente non cabe dúbida, tendo a condición de interesada no procedemento, en canto que participou no proceso selectivo para prover 46 prazas de policía local.

O **prazo** de impugnación é de un mes (artigo 124 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) dende a notificación ou publicación do acto ou acordo impugnado.

Neste caso temos que o acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado en sesión de 03/05/2022, interposto o recurso o día 02/06/2022, está dentro do prazo dun mes establecido no artigo 124 da referida lei 39/2015.

II.- O acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local agora recorrido, foi adoptado en base a proposta do Órgano de Selección encargado de xulgar as probas selectivas para prover en propiedade corenta e seis prazas de policía local en réxime funcional, subgrupo C1 de titulación, pola quenda libre, vacantes no Cadro de Persoal Municipal e incluídas nas Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2017, 2018, 2019 (1ª fase).



Concello de Vigo

O referido órgano de selección, na súa sesión de 28/04/2022, acordou propoñer o órgano competente o nomeamento dos aspirantes que tiñan superados todos os exercicios da oposición coa maior puntuación.

Os fundamentos vertidos pola recorrente na interposición do presente recurso, son idénticos aos xa formulados pola mesma no seu recurso de alzada, recurso este último que foi desestimado por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 2/06/2022 (expediente 39161-220), segundo informa a Secretaria do Órgano de selección en resposta a dilixencia remitida pola Área de RRHH e Formación, de conformidade co exposto no antecedente IV de este informe.

Así as cousas, se reproduce integramente os fundamentos xurídicos do informe-proposta asinado pola Secretaria e Presidente do órgano de selección, en base ao cal se desestimou o recurso de alzada:

“3) CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- O artigo 121 da Lei 39/2015 regula o recurso de alzada dispoñendo que:

1. Las resoluciones y actos a que se refiere el artículo 112.1, cuando no pongan fin a la vía administrativa, podrán ser recurridos en alzada ante el órgano superior jerárquico del que los dictó. A estos efectos, los Tribunales y órganos de selección del personal al servicio de las Administraciones Públicas y cualesquiera otros que, en el seno de éstas, actúen con autonomía funcional, se considerarán dependientes del órgano al que estén adscritos o, en su defecto, del que haya nombrado al presidente de los mismos.

2. El recurso podrá interponerse ante el órgano que dictó el acto que se impugna o ante el competente para resolverlo.

Si el recurso se hubiera interpuesto ante el órgano que dictó el acto impugnado, éste deberá remitirlo al competente en el plazo de diez días, con su informe y con una copia completa y ordenada del expediente.

El titular del órgano que dictó el acto recurrido será responsable directo del cumplimiento de lo previsto en el párrafo anterior.”

SEGUNDA- A base décimo sétima das xerais dispón que contra a desestimación das reclamacións resoltas polo órgano de selección poderase interpoñer recurso de alzada ante o órgano que designou ao órgano de selección (Xunta de Goberno Local) no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da súa notificación ou publicación.

TERCEIRA - Os recursos se presentan por quen ten a condición de interesados no procedemento e dentro do prazo legalmente establecido (Base décimo sétima das xerais da convocatoria).

CUARTA- Consonte ao disposto na base 8.1 das xerais da convocatoria corresponde a Secretaria formular a Xunta de Goberno a proposta de resolución dos recursos de alzada presentados contra as decisións dos órganos de selección.

4) CONTIDO DO RECURSO PRESENTADO: O recurso baséase nas seguintes alegacións:

A) FALTA DE COMPETENCIA TÉCNICA DA XUÍZA UTILIZADA POR PERTENCER A FEDERACIÓN GALEGA DE XIMNASIA

MOTIVOS ALEGADOS: A reclamante manifesta que a xuíza carece de competencia por pertencer a Federación Galega de Ximnasia e considera que de conformidade coas bases que rexen o proceso selectivo o salto solicitado non garda ningunha relación coa ximnasia senón co atletismo.

“Considera que de conformidad con el artículo 1 de los Estatutos de la Federación Gallega de Gimnasia, el salto que se exigía que se ha configurado como un salto atlético, no tiene encaje dentro de ninguna de las modalidades deportivas de la Federación Gallega de Gimnasia.

Por su parte, sí que tendría cabida dentro de las modalidades deportivas, competencia de la Federación Gallega de Atletismo. Así se desprende del artículo 1 de sus estatutos donde se contemplan como modalidad deportiva las pruebas de pista.

Es más, no hemos encontrado ninguna normativa relacionada con la gimnasia que regule técnicamente los requisitos de un salto como el exigido y, sin embargo, si lo encontramos entre la reglamentación reguladora del atletismo. En particular, encontramos dicha regulación en el Reglamento de Competición de World Athletics y que se puede consultar en la propia página web de la Federación Gallega de Atletismo:

<https://atletismo.gal/documentos/regulamentos/>

Asimismo, no se entiende porqué se recurre respecto de la prueba de salto horizontal a la Federación Gallega de Gimnasia cuando en otras pruebas relacionadas con el atletismo se ha solicitado por el órgano de selección informe a la Federación Gallega de Atletismo, y de donde resulta que se ha aplicado el reglamento al que se ha hecho referencia con anterioridad.

En consecuencia, el haber acudido a una jueza designada por la Federación Gallega de Gimnasia, tanto para la ejecución de la prueba como para la resolución de las posteriores reclamaciones, no se ajusta a derecho, puesto que la misma carece de las competencias técnicas necesarias para la correcta evaluación de la prueba y posterior valoración de las reclamaciones.

Circunstancia que convierte a la ejecución del ejercicio, así como a la posterior resolución de las reclamaciones que se hayan basado en el informe de dicha jueza, como ocurre en el presente caso, en anulables al amparo del artículo 48 de la Ley 39/2015.”

INFORME: O órgano de selección á vista do recurso dealzada presentado, e o contido do mesmo acordou na sesión celebrada na data 5 de abril de 2022, solicitar informe a xuíza da federación galega de ximnasia, o cal foi emitido na data 19 de abril de 2022 co seguinte contido en canto a falta de competencia da xuíza, asesora especialista do órgano de selección para as probas de potencia do tren inferior e superior:

“En relación con la información presentada por la reclamante respecto a la prueba de “SALTO DE LONGITUD A PIES JUNTOS” indicar que este salto no forma parte del programa de ninguna de las pruebas de atletismo que se desarrollan bajo las normas de la Word Athletics, ni de la Federación Internacional de atletismo, ni de la Federación Española de atletismo. Las pruebas de salto horizontal que conforman el programa de estas federaciones son el salto de longitud con una pierna y el triple salto (1).

La acción de saltar a pies juntos es una habilidad que aparece formando parte de técnicas de muchos deportes, entre ellos la gimnasia, y no aparece en ninguna técnica atlética.



Concello de Vigo

Por lo que para su valoración está igual de capacitado tanto un juez de atletismo como un juez de gimnasia u otro deporte, ya que la acción de saltar existe en muchos deportes. En todo caso la ventaja sería para los jueces de gimnasia ya que en esta disciplina existen saltos realizados con batida de dos pies, como es el caso de la prueba.

Además los jueces de atletismo sólo valoran la distancia alcanzada por el saltador y en ningún caso la técnica ya que está es libre y el salto de longitud puede realizarse con la técnica que el saltador quiera siempre que se realice con impulso de un pie. En el caso de los jueces de gimnasia, estos están capacitados para la valoración de la correcta ejecución de la técnica de un salto, es decir de cómo se realiza correctamente, y este es el problema que ha causado la reclamación.

El salto de longitud aprobado por las normas de la World Athletics se realiza con carrera de impulso, con impulso de una sola pierna y con

Referencia 1. World Athletics. Reglamento de competición y técnico. Edición 2020.

caída en el foso de arena con cualquier parte del cuerpo. No se especifica que parte del cuerpo debe de caer en el suelo.

*“29.9 La medición de cada salto se hará inmediatamente después de cada intento válido (o después de una reclamación verbal inmediata hecha según la Regla 8.5 del Reglamento Técnico) desde la huella más próxima hecha en la zona de caída **por cualquier parte del cuerpo**, o cualquier elemento que esté unido al cuerpo en el momento en que se hace la marca, hasta la línea de batida o prolongación de la misma. La medición se efectuará perpendicularmente hasta la línea de batida o su prolongación”(1).*

En el caso del salto de longitud a pies juntos, que forman parte de las pruebas físicas objeto de la reclamación, las bases indican que se debe de realizar con impulso y recepción de los dos pies. Entendiendo el pie en su totalidad y no especificando que es válido con solo una parte de los pies.

El salto de longitud a pies juntos no es ninguna prueba atlética, sino que es un test de valoración de la fuerza explosiva del tren inferior y que forma parte de diversas baterías de test estandarizados de valoración de la condición física siendo uno de los más utilizados la batería Eurofit (2)(3). El test de salto horizontal tiene como objetivo la valoración de la fuerza explosiva de la musculatura del tren inferior a partir de la distancia alcanzada durante el salto.

Como todas las pruebas de dicha batería tiene tanto una forma de realización como una forma de medición, totalmente sistematizada.”

En relación coa alegación formulada pola reclamante, relativa a porque non se recorreu a Federación Galega de atletismo como noutras probas do mesmo proceso, infórmase que no proceso selectivo obxecto deste recurso, nas probas de velocidade (carreira de 50 m lisos) e resistencia (carreira de 1000 m lisos) asesorou como especialista ao órgano de selección, a Federación Galega de Atletismo; na proba de potencia do tren superior e inferior, a Federación Galega de Ximnasia, e na proba de natación, a Federación Galega de Natación.

Referencia 2 Conseil de L´Europe (1989) EUROFIT. Revista de Investigación, Docencia, Ciencia, Educación Física y Deportiva, 12-13: 8-49.

Referencia 3. Prat, J.A. y col., *Batería Eurofit 11. Estandarización y bare-mación en base a una muestra de la población catalana, Revis-ta de Investi8ación y Documentación sobre las Ciencias de E.F. y Deporte . Año 111, no 5, 1987, pp. 125-158.*

B) O SALTO HORIZONTAL EXECUTADO AXUSTASE AS PREVI8I8ONS DAS BASES E DO REGULAMENTO DE COMPETICI8N DA WORLD ATHLETICS

MOTIVOS ALEGADOS: A recorrente di que:

“En la resolución ahora recurrida se desestima la reclamación formulada al entender el órgano de selección, a la vista del informe de la jueza designada por la Federación Gallega de Gimnasia, que el salto no se ajustó de acuerdo a las bases porque, si bien las punteras de los pies han sobrepasado la línea establecida para la marca mínima, no así los talones. Es decir, para haber superado la prueba del salto horizontal los dos pies por completo tendrían que haberse situado por delante de la marca mínima.

La anterior resolución no se ajusta a derecho porque:

- a. *Contradice las propias bases de la convocatoria.*
- b. *Infringe las reglas de competición World Athletics.*
- c. *Infringe el propio criterio fijado por el órgano de selección.*

La prueba de salto horizontal se define en las bases de la convocatoria de la siguiente forma:

“C) Proba de potencia de tren inferior: salto horizontal. Realizarse en ximnasio ou campo de deportes determinado polo órgano de selección, con chan horizontal e, coa superficie adecuada para efectuar a medición das marcas. O aspirante colocarse de pé detrás dunha liña sen pisala, cos pés separados, paralelos entre si e á mesma altura. Realizará un salto horizontal caendo cos dous pés ao chan. Medirase a distancia entre a liña de saída ata a marca do apoio de caída máis próximo á liña. As marcas mínimas esixidas (en centímetros) para a superación da proba son:

Homes: 210 cm.

Mulleres: 185 cm.”

De la lectura de las bases se desprende:

- a. *Que al realizar el salto se ha de caer con ambos pies al suelo.*
- b. *Que para determinar la distancia saltada se medirá la distancia entre la línea de salida hasta la marca de apoyo de caída más próximo a la línea que marca la distancia mínima a superar. Hemos de resaltar que las bases no determinan en ningún momento que el punto de apoyo haya de ser el pie completo, simplemente hacen referencia al punto de apoyo más próximo. Por tanto, lo relevante a efectos del salto es verificar el punto de apoyo más próximo a la marca resultante del salto, con independencia de si ese apoyo se realiza con la totalidad del pie o con una parte de este, por ejemplo, las punteras.*

Junto con lo anterior, también han de tenerse presente las Reglas de Competición del World Athletics que, el propio órgano de selección ha tenido en cuenta en el desarrollo de otras pruebas físicas del proceso selectivo como fueron las carreras.

En el Reglamento de Competición del World Athletics actualmente vigente, que entró en vigor el 1 de noviembre de 2019, los saltos horizontales está regulados en las reglas 184 a.

En los apartados 29.8 y 29.9 se regula la medición de las distancias en los saltos horizontales, disponiendo los citados apartados lo siguiente:

“Medición de distancias:

29.9 La medición de cada salto se hará inmediatamente después de cada intento válido (o después de una reclamación verbal inmediata hecha según la Regla 8.5 del



Concello de Vigo

Reglamento Técnico) desde la huella más próxima hecha en la zona de caída por cualquier parte del cuerpo, o cualquier elemento que esté unido al cuerpo en el momento en que se hace la marca, hasta la línea de batida o prolongación de la misma. La medición se efectuará perpendicularmente hasta la línea de batida o su prolongación.”

El hecho de no haberle dado publicidad al protocolo de salto al que se alude en la resolución ahora recurrida determina que por el órgano de selección se hayan vulnerado los principios de publicidad y transparencia a que aluden los artículos 32.1 d) de la Ley 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locales, y 55.2.b) del Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público.”

INFORME: *O órgano de selección a vista das alegacións presentadas pola recurrente é o exame do informe da xuíza da federación galega de ximnasia, emitido na data 19 de abril de 2022, en relación coa alegación formulada pola reclamante sobre que o salto horizontal executado axustase as bases que rexen o proceso selectivo, e ao regulamento de competición de World Athletics, e que informa o seguinte:*

“Como se puede ver en las imágenes que se adjuntan que pertenecen al estudio realizado por La Generalitat de Catalunya, el impulso y la recepción se realiza con los dos pies, incluido el talón de los mismos. Y la medición se hace desde el talón más cercano a la línea de salida, por lo que es necesario que se apoye el talón en la recepción del mismo.

SALTO HORIZONTAL

OBJETIVO: Determinar la potencia de piernas.

TERRENO: Superficie plana y antideslizante, con una línea dibujada en el suelo.

MATERIAL NECESARIO:


- Preferiblemente utilizar una colchoneta de judo (fina)
- Cinta métrica con precisión en centímetros.
- Tiza

DESCRIPCIÓN:

Posición inicial: El ejecutante se colocara derecho con los pies ligeramente separados y las puntas de los dedos detrás de la línea de partida.

Desarrollo:

Tomara impulso para el salto flexionando las piernas y poniendo los brazos hacia atrás. Saltara realizando una rápida extensión de las piernas y estirando los brazos hacia delante.



Finalización:

En el momento de la caída ha de mantener los pies en el mismo lugar donde ha realizado el primer contacto sin perder el equilibrio.

NORMAS:

- Al caer deberán mantener el equilibrio sin llegar a apoyarse en el suelo con 4 las manos.
- No se puede realizar un salto previo para tomar impulso.

Cualquier ejecución que difiera de la mostrada en la descripción de esa batería invalidaría el salto por no atenerse al protocolo de realización.

4. Generalitat de Catalunya. Secretaria General de l'Esport. La batería Eurofit en Catalunya (versión en español). Barcelona 1998

Como se puede observar en las imágenes la medición del salto debe de realizarse desde el talón del pie ejecutante más cercano a la línea de partida.

La propia biomecánica del salto exige, para una buena y segura recepción, la utilización de toda la cadena cinética del tren inferior incluidas todas las articulaciones



Concello de Vigo

del pie y tobillo en la recepción. Lo que obliga a apoyar el talón para realizar una recepción estable y sin riesgo de lesiones.

Respecto aos saltos executados pola aspirante informa o seguinte:

*- **Primer salto:** la aspirante cae con las puntas de los pies (no pie completo) y sobrepasa la línea apenas 10 cm con la punta de los pies . Salto no válido, el talón esta por detrás de la línea de la marca (de ahí que la mande apoyar los talones para que se dé cuenta de lo corto del salto).*

*- **Segundo salto:** la aspirante vuelve a caer con las puntas de los pies, aún a riesgo de lesión, apoyando las manos. Sus talones están aún más atrás que en el primer intento. Salto Nulo por segunda vez.”*

(Achéganse fotos correspondentes aos dous saltos efectuados pola recorrente, extraídas dos vídeos unidos ao expediente)

En relación coa vulneración dos principios de publicidade e transparencia alegados pola recorrente, informase que a regulación relativa a forma de realización do salto horizontal é a que figura nas bases específicas que regulan o proceso selectivo, publicadas no BOPP de data 7 de xuño de 2020, as que tiveron acceso tódolos aspirantes que participaron no proceso selectivo, sen que xurdira nin se plantexase ningunha dubida sobre as mesmas, polo que deuse estrito cumprimento aos principios de publicidade e transparencia de acordo coa normativa prevista para os procesos selectivos.

C) VULNERACIÓN DO PRINCIPIO DE IGUALDADE CONSAGRADO NOS ARTIGOS 14 E 23 DA CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA NO QUE SE REFIRE AO ACCESO A FUNCIÓN PUBLICA

MOTIVOS ALEGADOS: *A recorrente manifesta que:*

“En el presente caso observamos que por el órgano de selección se ha dispensado un tratamiento discriminatorio y contrario a la igualdad en la valoración del salto horizontal.

A lo largo del desarrollo de la prueba, a ningún aspirante se le solicitó que apoyase la totalidad de los pies para comprobar si había superado o no la línea de batida. La única aspirante a la que se le requirió para ello fue a mí.

En consecuencia, la declaración de no apto ha de ser anulada, declarándose como apto, pues queda perfectamente constatado en los vídeos que se superó la línea de batida con las punteras, aplicando en consecuencia el mismo criterio que para el resto.

Con el objeto de acreditar las manifestaciones anteriores, me remito a los videos que obran en el expediente administrativo.”

INFORME: *O órgano de selección analiza o informe da Xuiza da federación galega de ximnasia o cal foi emitido na data 19 de abril de 2022 en relación coa alegación formulada pola reclamante sobre o tratamento discriminatorio e contrario a igualdade na valoración do salto horizontal, no que informa o seguinte:*

“Cabe destacar que ninguno de los saltadores, tuvo ese problema. Los que hicieron salto nulo, fue porque pisaron antes de la línea marcada, pero ninguno utilizó esa técnica de salto, que no es propia de ningún deporte ni es recomendable.

En ningún momento se tuvo un trato discriminatorio con la recurrente por mandarle apoyar los talones; simplemente fue la única que saltó así, y si se le hizo bajar los talones fue para explicarle la nulidad del salto, solamente se le explicó el error cometido. Al resto no hubo que corregirlos”

En canto ao órgano de selección, en ningún momento do proceso selectivo, pode considerarse que tivese un trato discriminatorio nin coa recorrente, nin con ningún outro aspirante que participase no citado proceso

ACORDO: O órgano de selección, a vista do informe emitido en relación co recurso de alzada presentado; a vista da realización do proba pola recorrente na data 15 de febreiro de 2022, e visualizados novamente os vídeos no que se comproba que no momento do contacto das punteiras o chan, os talóns non chegan a sobrepasar a liña fixada como mínima, polo que de conformidade co disposto na base VIII, c,C, das bases específicas reguladoras da oposición de policía local, non supera cos dous pes a liña establecida como marca mínima para a superación da proba, acorda propoñer a Xunta de Goberno Local a desestimación do recurso de alzada interposto por D^a M. E. Curbelo Gómez

"Polo exposto, de conformidade co disposto no artigo 121 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e as bases reguladoras do procedemento de selección PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte :

ACORDO:

1º DESESTIMAR o recuso de alzada, presentado por D^a Marilena Elsa Curbelo Gámez o día 31/3/2022 con nº de rexistro de documento W676873-2788, ao acordo do órgano de selección de data 4 de marzo de 2022, notificado a interesada na data 16 de marzo de 2022 polo que se desestima a súa solicitude en relación coa declaración de " non apta " na proba física de avaliación do potencia do tren inferior consistente nun salto horizontal e realizada na data 14 de febreiro de 2022, polos motivos expostos no presente informe-proposta.

2º A presente resolución pon fin á vía administrativa. Contra a mesma poden os interesados interpor recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados desa clase dos de Vigo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte a súa notificación (artigos 8.1,25.1 e 46.1 da lei 29/98 da Xurisdición Contencioso-administrativa) "

En atención a todo o exposto, visto o Recurso interposto e de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públicas, e vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Desestimar, de conformidade co informe que antecede e pola motivación legal exposta, o recurso interposto pola Sra. Curbelo Gómez contra o acordo da Xunta de Goberno local, en sesión extraordinaria e urxente de 03/05/2022, polo que se aproba o nomeamento como funcionarios en prácticas con cargo ás 46 prazas vacantes de Policía Local, ofertadas na OEP 2017, 2018, 2019 (expte 39742-220).

Segundo.- Notifíquese o presente acordo á recorrente, significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa,



Concello de Vigo

nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(512).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS DE CARREIRA DE 5 SARXENTOS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS (OEP 2017-18-19, PROMOCIÓN INTERNA). EXPTE. 40116/220.

Visto o informe de fiscalización do 14/06/2022, dáse conta do informe-proposta do 10/06/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- Con data 28/12/2017, a Xunta de Goberno Local, adoptou o acordo de aprobación da OEP 2017 -expte 29567/220- (publicacións oficiais no BOP de data 29/12/2017 e rectificacións no BOP 26/04/2018 e 14/08/2019 e DOGA 21/06/2018 e 12/09/2019).

Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, en sesión do 23/11/2018, aprobou a OEP municipal para o ano 2018 – expte 31180/220-, (publicacións oficiais no BOP do 26/11/2018 e no DOG 25/01/2019).

A OEP correspondente ao ano 2019 foi aprobada pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 30/08/2019 – expte 33237/220 – (publicacións oficiais BOP 11/09/2019 e DOGA 25/09/2019).

II.- Considerando a urxencia existente na incorporación de efectivos procedentes da execución das OEP 2017, 2018 e 2019, pendentes de execución; por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de data 12/03/2020, foron aprobadas as Bases Xerais e Específicas reguladoras da convocatoria dos procesos selectivos para a cobertura das prazas vacantes incluídas nas OEP dos anos 2017, 2018, e 2019 (1ª Fase da Convocatoria: Sarxento extinción de incendios, Bombeiro, Conductor Bombeiro, Inspector policía local, Policía local)-Expte: 34733-220- (BOP nº 128 de 07/07/2020, DOG nº 160 de 11/08/2020, BOE nº 247 de 16/09/2020).

III.- Por Resolución de 28/08/2020 (BOE nº 247, do mércores 16/09/2020) procedeuse á convocatoria dos procesos selectivos para a provisión de entre outras, a cinco prazas de Sarxento de Extinción de Incendios, pertencentes á escala de Administración Especial, subescala de Servizos Especiais e clase de Servizo de Extinción de Incendios, mediante o sistema de concurso-oposición, en quenda de promoción interna.

IV.- De conformidade co previsto na Base VII das específicas, en relación coa base 14 das xerais, o aspirantes aprobados unha vez aportada toda a documentación esixida nestas, serán nomeados funcionarios en prácticas, debendo superar un curso teórico-práctico de 3 meses de duración, como máximo, antes do seu nomeamento definitivo como funcionarios de carreira.

V. En data 17 /03/2022, a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria, acordou:

“O nomeamento como funcionarios en prácticas con cargo ás prazas vacantes de Sarxento Extinción de Incendios, pola quenda de promoción interna, dos aspirantes, D. B. De Sousa Díaz, con DNI ***4176**; D. G. Fernández Costa, con DNI ***3466**; D. D.A. Fernández Lemos, con DNI ***9971**; D. D. Cabaleiro Novelle, con DNI ***0059** e de D. D.J. López Vázquez, con DNI ***4327**, candidatos propostos polo Órgano de Selección e que superaron tódolos exercicios do concurso-oposición nas probas selectivas derivadas da oferta de emprego público do ano 2017-2018-2019”, prazas das que toman posesión como funcionarios en prácticas o 1 de abril de 2022.

VI. En data 05/05/22, a Concelleira-delegada da Área de Xestión Municipal, resolveu:

“Constituír unha Comisión Especial de Valoración, encargada de efectuar a proposta de nomeamento de cinco funcionarios de carreira con cargo a prazas de sarxento do Servizo de Extinción de Incendios, aos aspirantes que, tendo aprobado o concurso-oposición e foron nomeados funcionarios en prácticas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 17/03/2022, unha vez superen o curso selectivo contemplado na Base VII das Específicas en relación coa base décimo cuarta das xerais”.

VII. En data 02/06/22 a Comisión Especial de Valoración constituída ao efecto, acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento como funcionarios de carreira con cargo ás prazas vacantes de Sarxento do Servizo de Extinción de Incendios, pola quenda de promoción interna, correspondente á Oferta de Emprego Público 2017-18-19, unha vez que superaron de forma satisfactoria o curso teórico-práctico previsto antes do seu nomeamento definitivo a:

Apelidos	Nome	***DNI**
De Sousa Díaz	B.	***4176**
Fernández Costa	G.	***3466**
Fernández Lemos	D.A.	***9971**
Cabaleiro Novelle	D.	***0059**
López Vázquez	D.J.	***4327**

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- Normativa de aplicación

a) Normativa de aplicación

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:



Concello de Vigo

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

b) Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de carreira en atención ao marco normativo vixente.

O artigo 9 do citado TREBEP contempla expresamente que *“son funcionarios de carrera quienes, en virtud de nombramiento legal, están vinculados a una Administración Pública por una relación estatutaria regulada por el Derecho Administrativo para el desempeño de servicios profesionales retribuidos de carácter permanente”, estableciendo que “en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca.”*

Respecto da adquisición de tal condición, é no artigo 62 da mesma norma onde se contempla que:

“1. La condición de funcionario de carrera se adquiere por el cumplimiento sucesivo de los siguientes requisitos:

- a) Superación del proceso selectivo.
- b) Nombramiento por el órgano o autoridad competente, que será publicado en el Diario Oficial correspondiente.
- c) Acto de acatamiento de la Constitución y, en su caso, del Estatuto de Autonomía correspondiente y del resto del Ordenamiento Jurídico.
- d) Toma de posesión dentro del plazo que se establezca.

2. A efectos de lo dispuesto en el apartado 1.b) anterior, no podrán ser funcionarios y quedarán sin efecto las actuaciones relativas a quienes no acrediten, una vez superado el proceso selectivo, que reúnen los requisitos y condiciones exigidos en la convocatoria.”

Os prazos establecidos para a toma de posesión contéplase expresamente nas bases xerais rectoras dos procesos selectivos para a provisión das prazas incluídas na Oferta de Emprego Público 2016, dispoñibles para pública consulta na web municipal www.vigo.org e nos diarios e boletíns oficiais de publicación.

Neste caso, tal e como consta nos antecedentes de este informe que damos por reproducidos neste punto, constituída a Comisión Especial de Valoración, en data 02/06/22, acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento como funcionarios de carreira con cargo ás prazas vacantes de Sarxento do Servizo de Extinción de Incendios, aos funcionarios nomeados en prácticas, unha vez que éstos superaron de forma satisfactoria o curso teórico-práctico previsto antes do seu nomeamento definitivo.

III.- Observacións respecto da xornada e horario.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura da área ou servizo de destino, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos e do servizo aos intereses xerais, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou



Concello de Vigo

a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes, debendo considerar as peculiaridades que na prestación do servizo se deriven en cada caso.

IV.-.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

"1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones."

V. - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decreto da Excm. Alcaldía de 16/04/2021 e por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021.

PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO: Nomear **funcionarios de carreira** con cargo ás praza vacantes de **Sarxento do Servizo de Extinción de Incendios** incluída na OEP 2017-18-19, aos seguintes funcionarios en prácticas, nomeados pola Xunta de Goberno Local na súa sesión, de data 17/03/2022, ao ter superado satisfactoriamente o curso teórico-practico previsto nas bases da convocatoria:

Apelidos	Nome	***DNI**
De Sousa Díaz	B.	***4176**
Fernández Costa	G.	***3466**
Fernández Lemos	D.A.	***9971**
Cabaleiro Novelle	D.	***0059**
López Vázquez	D.J.	***4327**

SEGUNDO.- Os aspirantes nomeados deberá tomar posesión da súa praza como funcionario de carreira no prazo de 1 mes a partir da publicación do nomeamento no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co previsto na Base 16ª das Xerais da convocatoria.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo aos interesados, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, inspección de persoal, ás Xefaturas das Áreas de Mobilidade e Seguridade e do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, a Concellería-delegada correspondente, así coma ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

CUARTO: Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(513).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE UN CONVENIO COA “FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA”, PARA O DESENVOLVEMENTO DAS FEIRAS DO LIBRO DE VIGO DURANTE O ANO 2022. EXPTE. 4387/330.

Visto o informe xurídico do 01/06/2022 e o informe de fiscalización do 17/06/2022, dáse conta do informe-proposta do 12/05/2022, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal 24 de marzo do 2022, a “Federación de Libreiros de Galicia” presenta escrito de solicitude de subvención para o desenvolvemento das Feiras do Libro de Vigo durante o exercicio 2022; por este motivo, con data 25 de marzo, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo



Concello de Vigo

importe de 5.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.16 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A Federación de Libreiros de Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro que ven desenvolvendo ininterrompidamente a súa actividade dende o ano 1977 e que está integrada por libreiros con establecemento aberto na Comunidade Autónoma de Galicia. Dentro das actividades de apoio e promoción ao libro e ás librerías, realiza anualmente unha serie de actividades, entre as que destacan as Feiras do Libro Novo e as Feiras do Libro Antigo e de Ocasión, eventos con natureza claramente cultural cun papel importante na sociedade galega e nas cidades onde se desenvolven.

PROGRAMACIÓN DO ANO 2021:

Feira do Libro Novo, do 1 ao 7 de xullo do 2022 na rúa Príncipe, de 11:00 a 14:00 h e de 17:00 a 21:00 h.

Feira do Libro Antigo e de Ocasión, do 23 de xullo ao 7 de agosto de 2022 na Praza de Compostela, de 10:30 a 14:00 h e de 17:00 a 21:30 h.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 10.000 € (dez mil euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 5.000 €
- Deputación Provincial de Pontevedra: 1.000 €
- Xunta de Galicia: 3.000 €
- Recursos Propios: 1.000 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento
- Escrito de aceptación do proxecto de convenio (presentado na sede electrónica o 11 de maio de 2002).

Incorpóranse ao expediente os informes favorables do servizo de Seguridade (de data 2 de maio) e do servizo de Parques e Xardíns (de data 22 de abril) en canto á ocupación de vía pública.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Federación de Libreiros de Galicia, para a organización das Feiras do Libro de Vigo 2022, obxecto do presente convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Federación de Libreiros de Galicia deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2022, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrència para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Federación de Libreiros de Galicia” ten como obxecto financiar a organización das Feiras do Libro de Vigo 2022, figurando na aplicación **3340.480.00.16** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 5.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á “Federación de Libreiros de Galicia” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.



Concello de Vigo

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 5.000 € (cinco mil euros) á Federación de Libreiros de Galicia CIF. V15038458, para a organización das Feiras do Libro de Vigo 2022, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.16 "SUBVENCIÓN FEIRA DO LIBRO ", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Federación de Libreiros de Galicia que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento das Feiras do Libro de Vigo 2022".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA" PARA O DESENVOLVEMENTO DAS FEIRAS DO LIBRO DE VIGO DURANTE O ANO 2022

En Vigo, na data da sinatura dixital

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Abel Fermín Losada Álvarez, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no decreto de delegación de competencias de data do 26 de xuño do 2019 e 17 de agosto do 2020 e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro do 2020

Doutra, D. Ramón Manuel Domínguez López, na súa condición de presidente da "Federación de Libreiros de Galicia" (CIF: V-15038458) (en adiante a ENTIDADE), con enderezo social en rúa República Salvador, 28, entrecán B, CP 15701, da cidade de Santiago de Compostela, e actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria da Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

*I.-Que a **FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA** é unha entidade sen ánimo de lucro que ven desenvolvendo ininterrumpidamente a súa actividade dende o ano 1977 e que está integrada por libreiros con establecemento aberto na Comunidade Autónoma de Galicia. Dentro das ac-*

tividades de apoio e promoción ao libro e ás librerías, realiza anualmente unha serie de actividades, entre as que destacan as Feiras do Libro Novo e as Feiras do Libro Antigo e de Ocasión, eventos con natureza claramente cultural cun papel importante na sociedade galega e nas cidades onde se desenvolven.

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da **FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA**, concretamente nas **FEIRAS DO LIBRO DE VIGO 2022**, como medio que é de promover e dinamizar a cultura na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.16, como subvención nominativa, a favor da **FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA, FEIRA DO LIBRO** a cantidade de 5.000 euros.*

*IV.- Que a **FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA** non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para a organización das Feiras do Libro de Vigo 2022, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 10.000 € (dez mil euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 5.000 €
- Deputación Provincial de Pontevedra: 1.000 €
- Xunta de Galicia: 3.000 €
- Recursos Propios: 1.000 €



Concello de Vigo

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

Feira do Libro Novo, do 1 ao 7 de xullo do 2022 na rúa Príncipe, de 11:00 a 14:00 h e de 17:00 a 21:00 h.

Feira do Libro Antigo e de Ocasión, do 23 de xullo ao 7 de agosto de 2022 na Praza de Compostela, de 10:30 a 14:00 h e de 17:00 a 21:30 h.

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- 1.Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA, Don Ramón Manuel Domínguez López , presidente da entidade.
- 2.Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- 3.Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- 4.Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- 5.Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
- 6.Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina “vigocultura.org” e demais canles oficiais.
- 7.Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
- 8.A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE presentou copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente que figura incorporado ao expediente.

10. Cumprir estrictamente coas medidas que en cada momento establezan a autoridades sanitarias derivadas da COVID.

11. Deberá suxeitarse ás indicacións do Departamento de Seguridade (informe favorable do 2 de maio de 2022) e do informe do servizo de Parques e Xardíns (informe favorable do 22 de abril de 2022) de cuxas copias dáselle traslado á ENTIDADE.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (5.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións conveniantes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.



Concello de Vigo

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que re-

gula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 10 de novembro do 2022.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.



Concello de Vigo

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporárase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2022 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA



Concello de Vigo

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2022, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS

De conformidade co artigo 51 de la Lei 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenio extínguense polos seguintes motivos:

1. Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.
 - b) O acordo unánime de todos os asinantes.
 - c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requerimento para que cumpra, nun determinado prazo, coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requerimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requerimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concurrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se tivese previsto.

- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ORZAMENTO 2022

Orzamento Concello de Vigo	
Persoal apoio feiras	1.000,00 €
Materiais e montaxes (Aluguer e montaxe de casetas e suministros precisos para o correcto funcionamento das casetas)	5.000,00 €
Vixilancia e seguridade	1.000,00 €
Actividades e pregoeiros (gastos para diferentes tipos de actividades durante ás feiras)	1.000,00 €
Gastos de xestión	2.000,00 €
	10.000,00 €
Ingresos	
Concello de Vigo	5.000,00 €
Diputación de Pontedra	1.000,00 €
Xunta de Galicia	3.000,00 €
Fondos propios	1.000,00 €
	10.000,00 €

20(514).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE XESTIÓN DE TRABALLOS TÉCNICOS DERIVADOS DA PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO. EXPTE. 4461/330.

Visto o informe xurídico do 10/06/2022 e o informe de fiscalización do 14/06/2022, dáse conta do informe-proposta do 19/05/2022, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



LEXISLACIÓN APLICABLE.

- 12.RD Leg 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público. TRLCSP
- 13.RD Leg 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- 14.Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.
- 15.RD Leg 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- 16.Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.
- 17.Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

ANTECEDENTES

1. A Xunta de Goberno Local con data 5 de setembro de 2019 acordou (expte 2319-330):

“Adxudicar a SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no auditorio municipal da Casa do Concello (2.319-330) por un prezo total de 208.783,08 euros euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 36.235,08 euros euros e coas seguintes condicións:

- a) Propón unha porcentaxe de desconto do 17,93% a aplicar aos prezos unitarios consignados no apartado 3.G do Anexo I (FEC) do PCAP.*
- b) Propón o incremento da experiencia mínima esixida no apartado 16.B.1.a das FEC para o/a xefe/a de sala en servizos de traballos técnicos similares de 9 anos.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas

particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

2. Con data 21 de outubro de 2019, asinouse o contrato administrativo entre o Concello de Vigo e a mercantil SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U cun prazo de execución de DOUS anos naturais sendo a data de inicio o 1 de novembro de 2019 (cláusula 4).

3. Este contrato estipula a posibilidade de tres prórrogas de un ano de duración cada unha delas. A Xunta de Goberno Local acordou, con data 21 de maio de 2021, a primeira prórroga do citado contrato, polo período dun ano natural, contado a partires do 1 de novembro de 2021.

3. Por escrito de entrada na sede electrónica municipal, nº 220108483 de data 18 de maio, D. Pablo Soliño Gándara en nome e representación da mercantil SOLIMUSIC EVENTS S.L.U. presta a súa conformidade á segunda prórroga do contrato, cunha duración de un ano con inicio o 1 de novembro de 2022.

4. Consta no expediente resolución do concelleiro-delegado da Área de Cultura, de data 18 de maio, dispoñendo se proceda a instruír a segunda prórroga do contrato por ser necesario continuar ca prestación do servizo da empresa contratada para a execución dos devanditos

traballos co persoal cualificado para a execución dos mesmos os resultados satisfactorios acadados.

5. Esta xefatura, como responsable do contrato, informa que a empresa *SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U* ten cumprido satisfactoriamente con todo o estipulado no citado contrato, desenvolvendo correctamente as obrigas encomendadas e sen ningún incumplimento pola súa parte.

CONSIDERACIÓNS XURIDICAS

1.- A Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público regula no seu artigo 29.4 que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de cinco anos, incluíndo as posibles prórrogas.

2.- Según o artigo 29.2 da LCSP, o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as características permanezan inalterables durante o periodo de duración destas. A prórroga acordarase polo órgano de Contratación e será obligatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza alomenos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

3.- Neste senso, tanto a cláusula 4ª do contrato asinado con data 5 de setembro de 2019, como a cláusula 7.3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e apartado 4.c) das FEC, establecen que o presente contrato terá unha vixencia de dous anos a contar dende o día 1 de novembro de 2019, prevéndose a posibilidade tres prórrogas dun ano cada unha delas.

4.- O expediente de prórroga do contrato iniciárase polo órgano de contratación, estando delegada no Concello de Vigo polo acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro do 2020 polo que se aproba o texto consolidado de delegación de competencias nos concelleiros delegados da Área. A tal fin, consta no expediente resolución do concelleiro da Área de Cultura de data 18 de maio de 2022 autorizando o inicio deste expediente da segunda prórroga do contrato.

5. Deberá incorporarse ao expediente de prórroga o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Presupuestaria.

6.- A competencia para a resolución do presente expediente e aprobación do gasto correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación de conformidade ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público.

Á vista do exposto, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, previos informes xurídico e da Intervención Xeral, coas conformidades do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego e mailo concelleiro-delegado da Área de Facenda e Orzamentos, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:



Concello de Vigo

“PRIMEIRO.- Aprobar a segunda prórroga do contrato de servizos de xestión de traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no Auditorio Municipal do Concello (expediente 2319/3300), polo período dun ano, é dicir, dende o día 1 de novembro de 2022 ao 31 de outubro de 2023, polo importe total de **104.391,54 € (cento catro mil trescentos noventa e un euros con cincoenta e catro céntimos)**, ive engadido.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por importe total de **104.391,54 € (cento catro mil trescentos noventa e un euros con cincoenta e catro céntimos)**, ive engadido. **a favor de SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U (CIF.- B27793728)**, con cargo á partida 3331.227.99.07 “Xestión Auditorio Casa do Concello”, do cal corresponden:

- b) **Ano 2022:** 22.000 €, período do 1 de novembro ao 31 de decembro.
- c) **Ano 2023:** 82.391,54 €, período do 01 de xaneiro ao 31 de outubro.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario e publicar este no perfil do contratante do Concello de Vigo”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(515).- CONTRATO DE PATROCINIO PUBLICITARIO PARA A CELEBRACIÓN DO EVENTO TURÍSTICO-DEPORTIVO “CAMPEONATO DO MUNDO VAURIEN 2022” ORGANIZADO POLO REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO. EXPTE. 8162/104.

Visto o informe xurídico do 15/06/2022 e o informe de fiscalización do 17/06/2022, dáse conta do informe-proposta do 15/06/2022, asinado pola técnica en actividades turísticas e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

I.- Antecedentes

En base as consideracións que se conteñen no informe de necesidade e idoneidade, de data 16 de maio de 2022, que consta no expediente, a Concelleira delegado de Turismo en data 16 de maio de 2022 dispón que se inicie expediente administrativo para a execución dun contrato de patrocinio publicitario para o **“CAMPEONATO DO MUNDO VAURIEN-VIGO 2022”**, organizado pola entidade Real Club Náutico de Vigo.

O contrato responde ao exercicio das competencias municipais na medida en que os artigos 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), sinala que o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local; así mesmo, os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo.

En relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art. 5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

No expediente tramitado inclúense os seguintes documentos:

-Informe de necesidade e idoneidade, asinado pola técnica do servizo de Turismo de data 16 de maio de 2022.

-Memoria económica, asinada pola técnica do servizo de Turismo, de data 16 de maio de 2022.

-Prego de Prescricións técnicas particulares de data 18 de maio de 2022, asinado pola técnica do servizo de Turismo

-Memoria xustificativa do contrato de data 15 de xuño de 2022 asinada polo asinado pola técnica do servizo de Turismo

-Informe do servizo de Contratación e Prego de Cláusulas administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de contratación do Concello de Vigo con data de 15 de xuño de 2022.

II.- Condicións definatorias do contrato.

II.1.- Obxecto e natureza do contrato

O obxecto deste contrato é o patrocinio publicitario do evento turístico-deportivo “Campeonato do Mundo Vaurien-Vigo 2022” organizado polo Real Club Náutico de Vigo.

O expediente cualifícase de contrato de patrocinio publicitario de acordo co artigo 22 da vixente Lei Xeral de Publicidade, e se considera como un contrato privado, xa que o mesmo non ten cabida en ningún dos contratos recollidos no artigo 12 e seguintes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

En cumprimento do art. 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, os aspectos relacionados coa natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir mediante o presente contrato, así como da idoneidade do obxecto e contido, son os definidos no informe de necesidade, así como no do informe proposta que contén a memoria xustificativa do contido do contrato que constan no presente expediente, e consisten en satisfacer a necesidade pública de promoción da actividade turística de interese de ámbito local.

II.2.- Réxime xurídico e procedemento de adxudicación

Este contrato cualifícase como de patrocinio publicitario, de conformidade co disposto no artigo 22 da Lei 34/1988, de 11 de novembro, xeral de publicidade, e ten a consideración de contrato privado consonte ao disposto nos artigos 24 a 26 da LCSP.

Rexerase, en canto á súa preparación e adxudicación, por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, no seu caso, as normas de dereito privado, segundo corresponda por razón do suxeito ou entidade contratante. En canto aos seus efectos e extinción, rexerase polo dereito privado.

O contrato adxudicarase conforme ao procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2o LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a unha entidade determinada, O Real Club Náutico de Vigo que ten a exclusiva do evento.

A forma de tramitación do expediente será a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 da LCSP.

II.3.- Prezo e valor do contrato

A proposta fundaméntase, entre outros aspectos, nunha identificación dos valores de identidade da propia Cidade a través dun aspecto de interese social e de carácter universal e transversal como é o turismo, xa que este proxecto ven a destacar o gran valor de Vigo como cidade acolledora de grandes eventos deportivos de nivel nacional e internacional.

A valoración para o patrocinio se fundamenta nunha serie de accións que abarcan, ademais de todos os actos propios da organización do evento na cidade, actuacións de promoción



Concello de Vigo

turística da celebración do mesmo, na búsqueda da máxima dinamización do evento para o seu coñecemento, xerando un atractivo turístico e que se desenvolve ó longo de 7 días, entre as datas 23 ao 29 xullo de 2022, e que, segundo informe da mercantil “Errepetrés, Deseño e Publicidade” de data 14.06.22 detalla as prestacións que outorgaranse ao Concello de Vigo o patrocinio publicitario, no que cuantifica o importe de retorno dos espazos publicitarios en 90.492,00€, os importes unitarios de valoración, aparecen desglosados no informe adxunto ao expediente.

O patrocinio desenvolve unha serie de accións de comunicación e difusión. Esta difusión se realiza a través de distintos medios: prensa escrita, TV, inclusión en RRSS, así como en todos aqueles programas, folletos, carteles, anuncios e calquera outro material publicitario escrito ou oral que se realice co motivo do evento.

A proposta para o desenvolvemento do contrato de patrocinio publicitario co Concello de Vigo, para o proxecto do “Campeonato del Mundo Vaurien- Vigo 2022”, establécese en 50.000,00 euros (ive incluído).

O citado importe como orzamento base de licitación considérase adecuado en relación ó obxecto do contrato e a súa estimación, correspóndese favorablemente para o Concello de Vigo como Patrocinador, xa que polo orzamento definido o Concello de Vigo non tería capacidade propia para o desenvolvemento do proxecto obxecto deste expediente.

En consecuencia, o prezo certo do contrato, en cumprimento do artigo 102 LCSP, estímase axeitado en base ao retorno que obtén este Concello na difusión da súa imaxe, como expoñente turístico, que lle permitirá alcanzar e desfrutar dun alto grao de notoriedade nos días previos e posteriores ó evento nas diferentes insercións, ademais de que a cuantificación das mesmas exceden amplamente a cantidade finalmente aboada co contrato.

O prezo do contrato que servirá como base da negociación é dun total de 50.000,00 euros (ive incluído), sendo o importe do iva a cantidade de 8.677,69€.

O gasto terá unha imputación a aplicación orzamentaria 4320.2279906 “PLAN DE ACTIVIDADE TURÍSTICA” e a bolsa de vinculación, do vixente orzamento para o ano 2022.

II.4 Aspectos do contrato obxecto de negociación

O artigo 170.2 da LCSP determina que no caso de que unicamente participe un candidato, o órgano de contratación, sempre e cando sexa posible, deberá negociar con el os termos do contrato.

En data 2 de decembro de 2021 a Real Federación Española de Vela adxudica o “Campeonato do Mundo Vaurien 2022” ao Real Club Náutico de Vigo a organización do evento. Polo que, o Real Club Náutico de Vigo como adxudicataria da organización do “Campeonato del Mundo Vaurien- Vigo 2022” ven de plantexar ó Concello de Vigo a proposta dun contrato de patrocinio publicitario para o desenvolvemento do proxecto de promoción turística do “Campeonato del Mundo Vaurien- Vigo 2022”

Dada a natureza do obxecto do contrato, e dada a imposibilidade de negociar sobre o desenvolvemento da produción do evento, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación, polo que non procede a mesma.

Pode considerarse que o prezo fixado no contrato é axustado, tendo en conta os cálculos e as referencias de tempadas pasadas detalladas na proposta presentada polo Real Club Náutico de Vigo, e valorado o retorno económico pola mercantil “Errepetrés, Deseño e Publicidade” por importe de 90.492,00€.

O único criterio de adxudicación será a redución do prezo do contrato.

II.5 Revisión de prezos

Non procede.

II.6.- Esixencia de Clasificación

Non se contempla.

II.7.- Subcontratación

Admítese a subcontratación. Non se determinan tarefas críticas.

A subcontratación rexeráse polo disposto nos artigos 215, 216 e 217 e a Disposición Adicional quincuaxésima primeira da Lei de Contratos do Sector Público.

II.8.- Prazo de execución e prórroga:

O prazo de execución será de sete días. O cómputo do prazo iniciarase o 23 de xullo de 2022. Se o contrato se formalizase con posterioridade a esta data reducirase o prazo de execución, xa que o contrato rematará o día 29 de xullo do mesmo ano.

De acordo co obxecto do contrato, non se establece opción de prórroga.

II.9.- Modificación do contrato

Non se contempla.

II.10.- Responsable do Contrato

O responsable do contrato será a técnica do servizo de Turismo.

II.11- Seguridade

O Adxudicatario deberá acreditar a posesión dun seguro de responsabilidade civil, que dea cobertura as actuacións propias do adxudicatario na execución das actuacións obxecto deste contrato, cunha contía mínima de 900.000,00 €.

II.12.- Condicións especiais de execución:

Considerarase condición especial de execución a obriga do contratista de estar ao corrente dos pagamentos cos seus subcontratistas e subministradores, así como a adopción de medidas pola empresa adxudicataria que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas adscritas á execución do contrato.

II.13.- Solvencia

- Solvencia económica e financeira:

Acreditarase mediante unha declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior ao valor estimado do contrato.

- Solvencia técnica e profesional:

Deberá achegarse unha declaración do empresario sobre os eventos deportivos de natureza semellante organizadas nos tres últimos anos.

III.-Proposta

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse o preceptivo informe xurídico pola Asesoría Xurídica (apartado 8 da disposición adicional 3a da LCSP), así como informe de fiscalización pola Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:



Concello de Vigo

Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte ao disposto no artigo 168 da Lei 9/2017, para o contrato de patrocinio publicitario do “CAMPEONATO DO MUNDO VAURIEN-VIGO 2022”, a entidade Real Club Náutico de Vigo, como organizador exclusivo do evento.

Segundo.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado pola técnica do servizo de Turismo en data 18 de maio de 2022.

Terceiro.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do servizo de contratación do Concello de Vigo, con data de 15 de xuño de 2022.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe máximo de base á negociación de dun total de 50.000,00 euros (ive incluído), sendo o importe do ive a cantidade de 8.677,69 euros

- O gasto imputarase a aplicación orzamentaria 4320,2279906 “PLAN DE ACTIVIDADE TURÍSTICA” e a bolsa de vinculación.
- O valor estimado do contrato, de conformidade co disposto no artigo art 101.1 LCSP é de 41.322,31 euros.

Quinto.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.

Sexto.- Exceptuar de someter ao control da Mesa de Contratación o procedemento negociado sen publicidade por razón de ser un contrato privado non requirindo ademais a consulta a ningunha outra empresa por ser un operador único, ao ser potestativa a súa constitución segundo artigo 326 da LCSP.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Proposta de adxudicación da contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello do Vigo. Expte. 21007/240.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu

Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

22(516).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL E PATRIMONIAL DO CONCELLO DO VIGO. EXPTE. 21007/240.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 21/06/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada en data 20/06/2022, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do concello do Vigo (21.007-240)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do concello do Vigo (21.007-240)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 20 de maio de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, a través de procedemento aberto e tramitación urxente, dunha póliza de seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial do Concello de Vigo e seus organismos autonomos.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo Xefe do Servizo de Patrimonio en data 19.05.2022.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 19.05.2022.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación de CATROCENTOS CUARENTA MIL EUROS (440.000 eur), a financiar con cargo a



Concello de Vigo

aplicación orzamentaria 9200.2240000 e a súa bolsa de vinculación xurídica, e consonte a seguinte distribución por anualidades:

Anualidades	Importe
2022	220.000,00 €
2023	220.000,00 €
TOTAL	440.000,00 €

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 9 de xuño de 2022 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do concello do Vigo (21.007-240) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación
1	AXA SEGUROS GENERALES S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS	86,46
2	MAPFRE ESPAÑA, S.A.	81,89

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AXA SEGUROS GENERALES S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS (A-60.917.978), para que presente, no prazo de 5 días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditar a habilitación profesional esixida na cláusula 8.4.3º do PCAP (“certificación da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións acreditativa da súa inscrición no Rexistro administrativo especial previsto no artigo 40 da Lei 20/2015, de 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras”).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, AXA SEGUROS GENERALES S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS, o día 10 de xuño de 2022, que presenta a documentación requirida o 17 de xuño, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 20 de xuño de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar AXA SEGUROS GENERALES S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por AXA SEGUROS GENERALES S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS, de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula de data 9 de xuño de 2022.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a AXA SEGUROS GENERALES S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS (A-60.917.978) o procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do concello do Vigo (21.007-240) coas seguintes condicións:

- A prima anual do seguro é por importe de 384.447,61 euros (exenta de IVE).*
- Propón unha redución do importe da franquía sobre o mínimo establecido na cláusula 10 do PPT de 4.000,00 euros.*
- Propón un incremento nos límites e sublímites sobre o mínimo establecido na cláusula 8 do PPT:*



Concello de Vigo

Límite/Sublímite	Incremento
<i>Límite por sinistro na responsabilidade civil/patrimonial xeral</i>	2.000.000,00 €
<i>Límite por sinistro na responsabilidade civil patronal e cruzada</i>	2.000.000,00 €
<i>Sublímite por vítima na responsabilidade civil patronal e cruzada</i>	200.000,00 €
<i>Límite por sinistro na responsabilidade civil/patrimonial profesional</i>	2.000.000,00 €
<i>Límite por sinistro e anualidade establecidos para prexuízos patrimoniais puros</i>	100.000,00 €
<i>Límite por sinistro e anualidade establecidos para a responsabilidade civil locativa</i>	300.000,00 €

- *Comprométese a inclusión da garantía ou cobertura da Responsabilidade civil de productos/post-traballos, nas condicións e termos sinalados no punto 5.6 do PPT: si.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(517).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me-rs.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE

Abel Caballero Álvarez